

**Departamento de  
Lingua Galega e Literatura**

---

**IES FÉLIX MURIEL – RIANXO**



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
1º Bacharelato  
(LOMCE)**

---

**2019 – 2020**

## ÍNDICE

1. Introdución e Contextualización (páx.4)
  - a. Introdución (páx. 4)
    - i. Obxectivos do Bacharelato
  - b. Contextualización (páx. 8)
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (páx. 10)
  - a. Concreción que recolle a relación entre os Estándares de aprendizaxe avaliáveis e as Competencias Clave (páx. 15)
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso. (páx. 38)
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: (páx. 40)
  - a. Temporalización (páx.60)
    - i. Programa de Aula / 1º trimestre.
    - ii. Programa de Aula / 2º trimestre.
    - iii. Programa de Aula / 3º trimestre.
  - b. Simplificación dos contidos e Grao mínimo de consecución para superar a materia (páx.67)
  - c. Procedementos e instrumentos de avaliación para avaliar os estándares de aprendizaxe (páx. 72).
    - i. Cadros para a Avaliación de Coloquios e Debates
    - ii. Rúbricas para a Avaliación de Presentacións Informáticas
    - iii. Rúbricas para a Avaliación da Exposición do Traballo
    - iv. Rúbricas para a Avaliación do Comentario da Lectura
    - v. Modelo de Exame
    - vi. Criterios de Corrección do Exame
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia. (páx. 94)
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. (páx. 96)

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. (páx. 99)
  - a. Criterios de Avaliación
  - b. Criterios de Cualificación
  - c. Criterios de Promoción
8. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente. (páx. 104)
9. Organización das actividades para as materias pendentes. (páx. 91)
10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. (páx. 108)
  - a. Modelo de Avaliación Inicial
  - b. Cadros para a Avaliación Inicial
  - c. Medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados
12. Medidas de atención á diversidade. (páx. 115)
13. Concreción dos elementos transversais (páx. 116)
14. Actividades complementarias e extraescolares. (páx. 119)
  - a. Actividades Complementarias
  - b. Actividades Extraescolares
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. (páx. 121)
16. Integrantes do Departamento, acordo e sinatura da Programación (páx. 124)

## ANEXO

### Acordos para o Tratamento Integrado de Linguas (TIL)

# 1. INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Lingua Galega e Literatura no Bacharelato ten como finalidade fundamental, como na ESO e ao igual que para todas as materias lingüísticas, o desenvolvemento da **competencia comunicativa** do alumnado, para que, a través dela, poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Isto esixe, tal e como recolle o Anexo III do [Decreto 86/2015](#), *unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.*

Segundo o devandito [Decreto 86/2015](#), polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato: *A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.*

A lingua é, en consecuencia, unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas
- para adquirir novos coñecementos e entender a realidade
- para analizar criticamente a información

- para xerar e difundir ideas e opinións
- para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións

Por todo isto a nosa materia organízase en cinco Bloques de Contidos que deben atender á aprendizaxe instrumental da lingua, mais tamén ao seu coñecemento formal, así como á comprensión e valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e, finalmente, ao fomento da lectura, a través do estudo da Literatura, como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Seguindo o [Decreto 86/2015](#), antes citado, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este enfoque metodolóxico considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. É o que entendemos por [Tratamento Integrado das Linguas](#) (TIL). No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. *Non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar.*

*Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma, dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no “por que” da situación social da lingua propia de Galicia e non só no “como” funciona esa lingua.*

Mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria e a través do desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais na ESO, *o Bacharelato debe proporcionarlle ao alumno/a a formación, a madureza intelectual e humana e os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia; ademais de capacitalo para acceder á educación superior.*

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o [cap.IV da LOE 2/2006](#); o [Decreto 86/2015](#), polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato; o [cap.V da Resolución do 27 de xullo de 2015](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; así como a [Orde ECD/65/2015](#) por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obrigatoria y el bachillerato.

Desde este marco legislativo queremos abordar, antes de dar remate a esta parte introdutoria, a finalidade e os obxectivos do Bacharelato, tal e como aparecen recollidos no [título II, capítulo I, artigo 26 do Decreto 86/2015](#).

## a. Obxectivos da etapa concretados para 1º Bacharelato

O 1º curso do Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos/as as

capacidades que lles permitan:

1. *Comezar a exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e avanzar no proceso de adquisición dunha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*
2. *Avanzar cara a consolidación dunha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma cada vez máis responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Procurar prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*
3. *Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, avanzar na análise crítica das desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*
4. *Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
5. *Avanzar no dominio, tanto na súa expresión oral como na escrita, da lingua galega e da lingua castelá.*
6. *Lograr para a expresión maior fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.*
7. *Mellorar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.*
8. *Coñecer cada vez mellor e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar cada vez máis de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.*
9. *Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e procurar o*

*dominio das habilidades básicas propias da modalidade elixida.*

10. *Mellorar a comprensión dos elementos e dos procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Avanzar no coñecemento da contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida e e valoralo de forma crítica; así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.*
11. *Avanzar no afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*
12. *Desenvolver cada vez máis a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*
13. *Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e camiñar no impulso de condutas e hábitos saudables.*
14. *Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.*
15. *Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

## CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. A el están adscritos, polo tanto, todos os Colexios de Educación Infantil e Primaria do termo municipal. Dada esta situación, sería de esperar que a oferta do noso centro educativo fose plural e diversa, para poder atender ás necesidades e expectativas do alumnado deste concello. A pesar diso, o noso centro só ofrece as ensinanzas regradas obrigatorias na ESO, cunha atención á diversidade e ás necesidades educativas do alumnado cada vez máis raquítica por falta de recursos materiais e humanos e unha oferta no ensino postobrigatorio que non dá cabida ás necesidades da contorna, pois só oferta dúas liñas no Bacharelato e un Ciclo Formativo de Atención Sociosanitaria. Tendo en conta que no noso centro

abunda o alumnado que realiza estudos musicais, non é doado para eles combinalos cun Bacharelato que non se corresponde cos seus intereses, polo que moitas veces deben trasladarse a outro centro. Por outra banda, o noso Ciclo Formativo precisaría dunha FP Básica acorde cos seus módulos e dunha continuidade a través dun Ciclo Superior. Ademais falta algún outro tipo de oferta formativa relacionada cos intereses económicos e produtivos da contorna, dado que Rianxo é un pobo que segue a vivir do mar.

Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que Rianxo é unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Se ben, nos últimos catro anos detectamos actitudes negativas cara a lingua por parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribir en castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica *proactiva* que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica da Lingua Galega como

lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No marco das orientacións realizadas pola Unión Europea, insítese na necesidade da adquisición das **competencias clave**. Nos últimos anos definíronse oito competencias clave esenciais, que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. Foran incorporadas ao sistema educativo español coa [LOE 2/2006](#) baixo o nome de *competencias básicas*. Agora a [LOMCE 8/2013](#) pon o seu empeño nun modelo curricular baseado no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial [ECD/65/2015](#), *a competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais. É un “saber facer”.*

A inclusión das competencias básicas no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os estudantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Esta competencia refírese *á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.*

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfíren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

*En Galiza, recollendo as normas do Estatuto de Autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.*

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas:

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**. A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:

- Lectura comprensiva
- Conversación reflexiva
- Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas
- Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios
- Exposición e conclusións sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección
- Capacidade de auto e coavaliación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:
  - Obradoiros de escrita
  - Lectura dramatizada de obras literarias
  - Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal)
  - Uso das TIC e da Biblioteca
  - Realización de debates e coloquios
  - Elaboración e exposición de presentacións informáticas

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, así como á súa capacidade para traballar en equipo, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.

- **Competencia dixital (CD).** A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:
  - Uso de dicionarios dixitais
  - Uso de correctores ortográficos
  - Uso de enciclopedias virtuais
  - Uso de xornais dixitais
  - Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.

Dentro do currículo da materia inclúese o uso de soportes electrónicos para a exposición dos contidos por parte da persoa docente, para a presentación de traballos de investigación por parte do alumnado e para o desenvolvemento do Proxecto Lector por ambas partes.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a

aproximarse a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo de Lingua moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e representación. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).
- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliábel a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a.
- Capacidade de diálogo.

Dentro do currículo da materia inclúese o desenvolvemento na aula de conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto polo turno de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).** Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular:
  - Visita a museos
  - Participación en concertos
  - Asistencia a representacións teatrais

- Proxeccións de filmes e documentais na Sala de Audiovisuais
- Realización de itinerarios literarios

Dentro do currículo da materia inclúense saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais. Ademais da lectura permanente na aula de textos literarios.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).** A lingua non se aprende só para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver o pensamento científico:
  - Lectura de mapas
  - Comentario de gráficas
  - Interpretación de estatísticas

Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de Sociolingüística e Historia da Lingua.

a) Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
<b>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</b>		<b>35</b>			<b>10</b>	
<b>CCL</b>	<p>LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</p> <p>LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p> <p>LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.</p> <p>LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.</p> <p>LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.</p> <p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</p> <p>LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p>	<b>29</b>	<b>82%</b>	<p><b>1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas, ou responder a preguntas concretas, respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>2. Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos)</b></p> <p><b>3. escoita activamente (case sempre) e identifica (xeralmente) os recursos verbais e non verbais, así como as propiedades textuais de textos orais propios da actividade cotiá e académica, así como dos medios de comunicación e información e é quen de producir textos orais claros, adecuados á situación comunicativa e respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>4. Identifica (con escasos erros) os xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, para responder a cuestións relativas a esta tipoloxía textual.</b></p> <p><b>5. Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</b></p> <p><b>6. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para</b></p>	<b>10</b>	<b>100%</b>

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
	<p>LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p> <p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p> <p>LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p> <p>LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas</p>			<p><b>as súas presentacións.</b></p> <p><b>7. Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras comodín, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.</b></p> <p><b>8. Intervén (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) en coloquios e debates (Bloque 4, Lingua e Sociedade e Bloque 5, Educación Literaria) e é quen de argumentar, respectando as quendas e a opinión dos demais e empregando unha linguaxe non discriminatoria.</b></p> <p><b>9. Recoñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os erros na expresión, así como as interferencias lingüísticas e desviacións da norma e é quen de autocorririse.</b></p> <p><b>10. Coñece (con escasas dúbidas) estimulado@ pola persoa docente ou polos compañeiros/as os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.</b></p>		

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
	<p>conceptuais.</p> <p>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.</p> <p>LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.</p> <p>LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.</p> <p>LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.</p> <p>LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.</p>					
CAA	<p>LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p> <p>LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.</p> <p>LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.</p> <p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p> <p>LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p> <p>LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica</p>	15	42%	<p><b>1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas, ou responder a preguntas concretas, respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>2. Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos)</b></p> <p><b>3. Escoita activamente (case sempre) e identifica (xeralmente) os recursos verbais e non verbais, así como as propiedades textuais de textos orais propios da actividade cotiá e académica, así como dos medios de comunicación e información e é quen de producir textos orais claros, adecuados á situación comunicativa e respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>6. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.</b></p>	6	60%

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
	<p>interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p> <p>LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>LGB.1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>			<p><b>9. Recoñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os erros na expresión, así como as interferencias lingüísticas e desviacións da norma e é quen de autocorrixirse.</b></p> <p><b>10. Coñece (con escasas dúbidas) estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.</b></p>		
CSC	<p>LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p> <p>LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.</p> <p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as</p>	15	42%	<p><b>1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (segundo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas, ou responder a preguntas concretas, respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>2. Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos)</b></p> <p><b>3. escoita activamente (case sempre) e identifica (xeralmente) os recursos verbais e non verbais, así como as propiedades textuais de textos orais propios da actividade cotiá e académica, así como dos medios de comunicación e información e é quen de producir textos orais claros, adecuados á situación comunicativa e respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>4. Identifica (con escasos erros) os xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, para responder a cuestións relativas a esta tipoloxía textual.</b></p>	7	70%

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
	<p>contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p> <p>LGB.1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>			<p><b>5. Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</b></p> <p><b>8. Intervén (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) en coloquios e debates (Bloque 4, Lingua e Sociedade e Bloque 5, Educación Literaria) e é quen de argumentar, respectando as quendas e a opinión dos demais e empregando unha linguaxe non discriminatoria.</b></p> <p><b>10. Coñece (con escasas dúbidas) estimulado@ pola persoa docente ou polos compañeiros/as os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.</b></p>		
CSIEE	<p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.</p> <p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p>	8	22%	<p><b>2. Produce (con escasos erros e progresiva autonomía) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos)</b></p> <p><b>5. Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</b></p> <p><b>6. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.</b></p>	6	60%

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
	LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.			<p><b>7. Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras comodín, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.</b></p> <p><b>8. Intervén (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) en coloquios e debates (Bloque 4, Lingua e Sociedade e Bloque 5, Educación Literaria) e é quen de argumentar, respectando as quenadas e a opinión dos demais e empregando unha linguaxe non discriminatoria.</b></p>		
CD	LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	1	2'8%	<p><b>6. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.</b></p> <p><b>7. Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras comodín, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.</b></p>	2	20%
CCEC	LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).	1	2'8%	<p><b>1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (segundo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas, ou responder a preguntas concretas, respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</b></p> <p><b>4. Identifica (con escasos erros) os xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, para responder a cuestións relativas a esta tipoloxía textual.</b></p>	2	20%
CMCCT						
<b>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</b>		<b>26</b>			<b>10</b>	
CCL	LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas	26	100%	<b>11. Comprende (con escasos erros) e interpreta (segundo unha pautas dadas) a</b>	10	100%

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso						
Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Nº	PORCENTAXES	Concreción estándares	Nº	PORCENTAXES
<p><b>trimestre.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos dos Séculos Escuros, realizaranse e xeraranse ao longo do <b>2º trimestre.</b></li> </ul>	<p><b>consecuencias (minorización, castelanización e xurdimento dos prexuízos lingüísticos) da súa decadencia nos séculos XVI, XVII e XVIII a través do coñecemento de feitos históricos relevantes e servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</b></p>	<p>contexto e identificación en textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.</li> <li>LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.</li> <li>LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.</li> </ul>	<p>Informática.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os contidos relacionados co galego moderno serán abordados ao longo do <b>3º trimestre.</b></li> <li>As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos e d@s autor@s do Rexurdimento, realizaranse e xeraranse ao longo do <b>3º trimestre.</b></li> </ul>	<p><b>31. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego moderno, e é quen de analizar criticamente o contexto decimonónico (xurdimento do Galeguismo e Rexurdimento literario) e a situación social da lingua servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</b></p> <p><b>32. Elabora (con progresiva autonomía e seguindo as pautas dadas) traballos de investigación trimestrais nos cales é quen de investigar arredor da situación social do galego antes de 1916 e analizar criticamente os condicionantes históricos que o levaron a situación de lingua minorizada en que sobrevive hoxe (con</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).</li> <li>LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.</li> <li>LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua.</li> <li>LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.</li> <li>LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Elaboración dun traballo arredor da situación de recuperación vivida polo galego moderno, durante o Rexurdimento, contextualizándoa en Rianxo.</li> <li>✓ Procura en internet de información arredor deste tema.</li> <li>✓ Exposición do trabalo na aula, con apoio dunha Presentación Informática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ R (PI)</li> <li>✓ R (EO)</li> <li>✓ PE</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso				
Temporalización	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
	progresiva autonomía).			
Bloque 5. Educación literaria				
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os contidos relacionados coas características dun texto literario serán abordados ao longo do <b>1º trimestre</b>.</li> <li>As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos e d@s autor@s de textos literarios realizaranse e xeraranse ao longo do <b>2º e 3º trimestres</b>.</li> </ul>	<b>33. Coñece (case sen dúbidas) os xéneros literarios e @s autor@s máis representativos das distintas etapas da Literatura Galega é quen de elaborar comentarios arredor dos textos propostos de distintas etapas da Historia da Literatura (con progresiva autonomía).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de definicións adecuadas.</li> <li>Intervencións na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LA</li> <li>C</li> <li>PE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de comentarios literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>IL</li> <li>EO</li> <li>LA</li> <li>TV</li> <li>PE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os contidos relacionados coas características da literatura de tradición oral serán abordados ao longo do <b>2º trimestre</b>.</li> </ul>	<b>34. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega de tradición oral é quen de comentar textos da tradición oral (con progresiva autonomía).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura na aula</li> <li>Lectura na casa</li> <li>Produción de textos seguindo modelos dados</li> </ul>	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación en lecturas, recitados e dramatizacións públicas</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os contidos relacionados coa Literatura Medieval serán abordados ao longo do <b>2º trimestre</b>.</li> <li>As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos e d@s autor@s da Literatura Medieval realizaranse e xeraranse ao longo do <b>2º trimestre</b>.</li> </ul>	<b>35. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega medieval é quen de comentar cantigas pertencentes aos tres grandes xéneros (segundo as pautas dadas e con progresiva autonomía).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura na aula</li> <li>Lectura na casa</li> <li>Produción de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>C</li> <li>TV</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación</li> </ul>		

Lingua Galega e Literatura. BACHARELATO. 1º Curso				
Temporalización	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
		co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	segundo modelos dados ✓ Participación en lecturas, recitados e dramatizacións públicas	✓ LdA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os contidos relacionados coa Literatura dos Séculos Escuros serán abordados ao longo do <b>2º trimestre</b>.</li> <li>▪ As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos e d@s autor@s dos Séculos Escuros realizaranse e xeraranse ao longo do <b>2º trimestre</b>.</li> </ul>	<b>36. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega dos Séculos Escuros é quen de comentar esas mostras literarias (con progresiva autonomía).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Elaboración de comentarios</li> <li>✓ Realización de exposicións orais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ LA</li> <li>✓ PE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os contidos relacionados coa Literatura do séc. XIX serán abordados ao longo do <b>3º trimestre</b>.</li> <li>▪ As tarefas e actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe arredor dos textos e d@s autor@s da Literatura do Rexurdimento realizaranse e xeraranse ao longo do <b>3º trimestre</b>.</li> </ul>	<b>37. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega do Rexurdimento é quen de comentar textos pertencentes aos tres grandes autores (segundo as pautas dadas e con progresiva autonomía).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Lectura na aula</li> <li>✓ Lectura na casa</li> <li>✓ Produción de textos seguindo modelos dados</li> <li>✓ Participación en lecturas, recitados e dramatizacións públicas</li> <li>✓ Elaboración de comentarios</li> <li>✓ Realización de exposicións orais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ C</li> <li>✓ TV</li> <li>✓ LdA</li> <li>✓ LA</li> <li>✓ PE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>		

De todos os estándares avaliáveis consideramos un, recollido desde 1ºESO, absolutamente fundamental, dada a situación social na que se atopa a lingua propia de Galicia. Este estándar avaliável consideramos que debe estar presente en todo momento,

de xeito transversal, como marco e contexto para o resto dos estándares. Por iso o extraemos do cadro e lle damos unha importancia maior, cun peso do 10% no conxunto da materia. Trátase do estándar:

***Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.***

Estes estándares concretaranse en situacións de aprendizaxe real, que deberá demostrar o uso habitual do galego, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual. Estes estándares avaliaranse por **Observación Directa** e suporán un **10% da nota da materia**, pois trataríase de desenvolver as competencias clave (especialmente a CCL) en lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Ningún alumno/a está obrigado/a a realizar esta tarefa e calquera alumno/a que non a realice poderá obter igualmente un Sobresaliente na materia, se ben non poderá obter un 10, pois non cumpriría co estándar avaliable de maior importancia para a supervivencia da nosa lingua.

## a) Temporalización

O Decreto 86/2015 que desenvolve o currículo para a ESO sinala os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura e distribúe eses contidos en cinco bloques, como xa recollemos máis arriba. Á hora de organizar eses contidos e levalos á práctica docente cotiá resulta imprescindible que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar. Para iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe será necesario presentarlle ao alumnado os contidos que se van traballar, as actividades que se van realizar, os obxectivos que se perseguen e os criterios de avaliación de que se servirá a persoa docente. Isto levarase a cabo a través das **Programacións de Aula**, que serán entregadas ao alumnado nun Caderno Informativo no inicio do curso.

## Programa de Aula 1º trimestre

(Libro de Apoio: Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego)

- I. **TRABALLO E ACTITUDE (dentro e fóra da aula). TAREFAS VOLUNTARIAS. (até 3 puntos, acadado o 4 no exame)**
  - a. **BLOQUE 1-2: COMUNICACIÓN**
    - Tipos de textos. Os textos orais e audiovisuais. Coloquios e debates.
    - Textos escritos. Análise e comentario. Elaboración de textos argumentativos e expositivos.
    - Actitude sociolingüística. (Compromiso coa normalización e dinamización da lingua galega) **(suporá o 10% da nota do trimestre)**
  - b. **BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA**
    - A Lingüística e as disciplinas lingüísticas. O signo lingüístico. Linguaxe, lingua e fala.
    - Unidade e Variedade das linguas. A norma.
  - c. **BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE**

- o Un mundo de linguas. O Plurilingüismo.
- o As orixes do galego.

#### **d. BLOQUE 4: LITERATURA**

- o O texto literario. Xéneros e recursos.
- o Cronoloxía da Literatura Galega. **A Literatura Medieval**

## **II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN sobre a Historia e situación social da lingua e da literatura galega. (Suporá o 20% da nota global do trimestre)**

### **TÍTULO: *As orixes do galego. Substrato, estrato e superestrato en Rianxo.***

1. Elaboración dun texto expositivo (máximo 300 palabras) partindo da información obtida do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

Data Entrega: **1 de Novembro.**

Data Exposición: primeira-segunda semana de Novembro.

Avaliación: a través de dúas rúbricas.

## **III. LECTURA (Suporá o 10% da nota global do trimestre)**

Lectura fóra da aula da obra **Scórpio, de Carvalho Calero.**

1. Realización dun comentario oral dun fragmento da obra escollida, seguindo o guión dado pola persoa docente.
2. Gravación e envío do comentario por medios dixitais

Data en que a lectura deberá estar finalizada: **21 de Outubro**

Avaliación: a través dunha rúbrica.

## **IV. EXAME (A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre)**

DATA de realización: **luns 5 de Decembro.** (1ª Aval.: 19-20 Decembro)

**TAREFAS VOLUNTARIAS** (para subir nota, unha vez acadado o 4 no exame)

- Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.
- Colaboración co ENL
- Compromiso coa normalización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Trátase de realizar un uso habitual, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual; coa fin de dar cumprimento ao estándar avaliábel que consideramos básico para a nosa materia: **LGB4.3.1. *Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.* (10%)**

As dúas primeiras tarefas poderán avaliarse a través de: **Exposición oral** na aula, **Informe**, **Presentación Informática**, **Creación Artística**, **Elaboración de artigos** ou **Cuestionario na Aula Virtual**. A última tarefa avaliarase por **Observación Directa**.

## Programa de Aula 2º trimestre

(Libro de Apoio: Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego)

### I. TRABALLO E ACTITUDE (dentro e fóra da aula). TAREFAS VOLUNTARIAS. (até 3 puntos, acadado o 4 no exame)

#### e. BLOQUE 1-2: COMUNICACIÓN

- Textos orais e audiovisuais. Publicidade e Informativos.
- Textos escritos. Análise e comentario. Elaboración de textos narrativos e descritivos.
- Actitude sociolingüística. (Compromiso coa normalización e dinamización da lingua galega) **(suporá o 10% da nota do trimestre)**

#### f. BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- A Morfoloxía. As clases de palabras. Cuestións morfosintácticas.
- Unidade e Variedade das linguas. Variedades diacrónicas e diatópicas. Desvíos normativos.

#### g. BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE

- o Dúas linguas nunha sociedade. Conflito lingüístico e Ecoloxía das Linguas.
- o A situación da Lingua na Idade Media.
- o Os Séculos Escuros.

#### **h. BLOQUE 4: LITERATURA**

- o Os tipos de textos literarios: narrativos, poéticos e dramáticos.
- o A Literatura dos Séculos Escuros e a Ilustración.

### **II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN sobre a Historia e situación social da lingua e da literatura galega. (Suporá o 20% da nota global do trimestre)**

#### **TÍTULO: *Do esplendor medieval á decadencia dos Séculos Escuros. Comentario e contextualización dunha cantiga.***

1. Elaboración dun texto expositivo (máximo 300 palabras) partindo da información obtida do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
2. Elaboración dun comentario poético que contextualice a cantiga indicada pola persoa docente.
3. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
4. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

Data Entrega: **1 de Febreiro.**

Data Exposición: primeira-segunda semana de Febreiro.

Avaliación: a través de dúas rúbricas.

### **III. LECTURA (Suporá o 10% da nota global do trimestre)**

Lectura fóra da aula da obra que escolla o alumno/a listaxe que figura nesta programación.

1. Realización dun comentario oral dun fragmento da obra escollida, seguindo o guión dado pola persoa docente.
2. Gravación e envío do comentario por medios dixitais

Data en que a lectura deberá estar finalizada: **30 de Xaneiro**

Avaliación: a través dunha rúbrica.

#### IV. EXAME (A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre)

DATA de realización: **luns 26 de Febreiro**. (2ª Aval.: 7 Marzo)

#### TAREFAS VOLUNTARIAS (para subir nota, unha vez acadado o 4 no exame)

- Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.
- Colaboración co ENL
- Compromiso coa normalización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Trátase de realizar un uso habitual, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual; coa fin de dar cumprimento ao estándar avaliable que consideramos básico para a nosa materia: **LGB4.3.1. *Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.* (10%)**

As dúas primeiras tarefas poderán avaliarse a través de: **Exposición oral** na aula, **Informe**, **Presentación Informática**, **Creación Artística**, **Elaboración de artigos** ou **Cuestionario na Aula Virtual**. A última tarefa avaliarase por **Observación Directa**.

## Programa de Aula 3º trimestre

(Libro de Apoio: Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego)

### II. TRABALLO E ACTITUDE (dentro e fóra da aula). TAREFAS VOLUNTARIAS. (até 3 puntos, acadado o 4 no exame)

#### a. BLOQUE 1-2: COMUNICACIÓN

- Textos orais e audiovisuais. Documentais e Cinema.
- Textos escritos. Análise e comentario. Elaboración de textos dialogados e artigos.

- Actitude sociolingüística. (Compromiso coa normalización e dinamización da lingua galega) **(suporá o 10% da nota do trimestre)**

**b. BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

- A Morfoloxía. Clases de palabras. Cuestións morfosintácticas.
- Os rexistros. Os desvíos normativos.

**c. BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE**

- O galego no mundo. A Lusofonía.
- A situación da Lingua no s.XIX. O nacemento do Galeguismo.

**d. BLOQUE 4: LITERATURA**

- Os tipos de textos literarios: narrativos, poéticos e dramáticos.
- A Literatura do XIX. Prerrexurdimento e Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal.

**II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN sobre a Historia e situación social da lingua e da literatura galega. (Suporá o 20% da nota global do trimestre)**

**TÍTULO:** *A situación da lingua galega no séc. XIX en Rianxo. O nacemento do Galeguismo. O Provincialismo, o Rexionalismo e a defensa da lingua e da identidade galega. Comentario dun texto indicado pola persoa docente.*

- Elaboración dun texto expositivo (máximo 300 palabras) partindo da información obtida do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
- Elaboración dun comentario literario que contextualice un texto indicado.
- Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema.
- Exposición oral do traballo na aula co apoio instrumental das TICs.

Data Entrega: **1 de Maio.**

Data Exposición: primeira-segunda semana de Maio.

Avaliación: a través de dúas rúbricas.

### III. LECTURA (Suporá o 10% da nota global do trimestre)

Lectura fóra da aula da obra que escolla o alumno/a listaxe que figura nesta programación.

- Realización dun comentario oral dun fragmento da obra escollida, seguindo o guión dado pola persoa docente.
- Gravación e envío do comentario por medios dixitais

Data en que a lectura deberá estar finalizada: **30 de Xaneiro**

Avaliación: a través dunha rúbrica.

### IV. EXAME (A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre)

DATA de realización: **luns 11 de Xuño**. (3ª Aval.: 21-22 Xuño)

#### TAREFAS VOLUNTARIAS (para subir nota, unha vez acadado o 4 no exame)

- Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.
- Colaboración co ENL
- Compromiso coa normalización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Trátase de realizar un uso habitual, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual; coa fin de dar cumprimento ao estándar avaliable que consideramos básico para a nosa materia: **LGB4.3.1. *Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.* (10%)**

As dúas primeiras tarefas poderán avaliarse a través de: **Exposición oral** na aula, **Informe**, **Presentación Informática**, **Creación Artística**, **Elaboración de artigos** ou **Cuestionario na Aula Virtual**. A última tarefa avaliarase por **Observación Directa**.

b) Simplificación dos contidos e dos estándares avaliados para facelos manexables e comprensibles para o alumnado. Grao mínimo para superar a materia.

## CONTIDOS LGL 1ºBACH

### Bloque 1-2. Comunicación

1. B1.1. / B1.2. / B1.3. / B1.5. / B1.6./ B1.7. / B1.11. // B3.3. **Os tipos de textos: textos orais e audiovisuais. Textos argumentativos.**  
(Comprensión, interpretación e produción, respectando as propiedades textuais, con corrección (gramatical, fonética e de rexistro) e con axuda das TIC).
2. B1.4. / B1.8./ B1.9. **A escoita activa** (intervencións espontáneas e participación activa e argumentada en coloquios e debates cunha actitude crítica, reflexiva, de interese e respecto).
3. B2.1. / B2.2./ B2.3. / B2.4./ B2.5. / B2.6./ B2.7. / B2.8. / B2.9. // B3.3. **O tipos de textos: textos escritos. Textos expositivos e argumentativos. Textos dos medios de comunicación (información e opinión). Textos descritivos e narrativos. Textos dialogados.** (Comprensión, análise, comentario e produción respectando as propiedades textuais, con corrección (gramatical, ortográfica e de presentación).
4. B2.10. **A información** (busca, selección e conversión en coñecemento propio).
5. B1.10. **Autocorrección, autoavaliación e coavaliación.**

### Bloque 3. Funcionamento da lingua

6. B3.1. **A Lingüística** (comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas).
7. B3.2. **Os rexistros lingüísticos.**
8. B3.4. / B3.5. / B3.6. / B3.7. / B3.8. / B3.9. **As clases de palabras. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica.** (O substantivo e o adxectivo. O artigo, o demostrativo, o posesivo, os interrogativos, os exclamativos, os cuantificadores e identificadores. O verbo e as perífrases verbais. Os conectores textuais. O adverbio e as locucións adverbiais. Os pronomes).
9. B3.10. / B3.11. **Os proxectos, os contidos transversais e o TIL** (elaboración de materiais multimedia ao servizo do TIL, relacionados cos contidos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais).

### Bloque 4. Lingua e sociedade

10. B4.1. **As funcións sociais da lingua.**
11. B4.2. / B4.4. **A diversidade lingüística** no mundo, en Europa e na Península Ibérica. (Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo).
12. B4.3. **A lusofonía.**
13. B4.5. / B4.6. / B4.7. / B4.8. / B4.9. **A Historia da lingua:**
  - a. **Do latín ao galego:** o substrato, o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego) e o superestrato. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.

- b. **O galego antigo (Idade Media):** emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.
- c. **O galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII):** contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.
- d. **O galego moderno (desde o século XIX ata 1916):** contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.

## Bloque 5. A literatura.

**14.B5.1. Os conceptos de "literatura" e "texto literario". Os xéneros. A cronoloxía xeral da historia da literatura galega.**

**15.B5.2. A "literatura galega de tradición oral".**

**16.B5.3./ B5.4. A literatura medieval:** contextualización sociohistórica e sociolingüística. A lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.(Lectura e comentario de textos).

**17.B5.5. / B5.6. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII):** contextualización sociohistórica e sociolingüística. (Análise das obras e os/as autores/as principais).

**18.B5.7./ B5.8. A literatura do Rexurdimento:** contextualización sociohistórica e sociolingüística do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata. (Lectura e comentario de textos dos/das principais autores/as).

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1. Lectura comprensiva, análise e comentario de todo tipo de textos (orais e escritos).
2. Intervencións espontáneas e participación nos coloquios e debates que se celebren no seo da aula.
3. Producción de textos escritos respectuosos coas regras de corrección lingüística, coas propiedades textuais e seguindo as indicacións dadas para a presentación de tarefas e exames.
4. Elaboración de textos argumentativos, expositivos, narrativos, descritivos e de artigos de opinión.
5. Realización de exposicións orais cun vocabulario e rexistro adecuados.
6. Elaboración de traballos de investigación e participación en proxectos interdisciplinares ou vinculados aos contidos transversais e ao TIL.
7. Respecto polas normas básicas que rexen a interacción comunicativa.
8. Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
9. Desenvolvemento das capacidades de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.
10. Comprensión dos principais conceptos da Lingüística relacionados coa comunicación e a linguaxe.
11. Reflexión sobre os conceptos de nivel e rexistro lingüístico e as súas manifestacións sociolingüísticas
12. Coñecemento da Morfoloxía, razoamento de cuestións morfosintácticas e distinción e caracterización das clases de palabras: substantivo, adxectivo,

artigo, pronomes persoais, demostrativos, posesivos, cuantificadores e identificadores, verbo (formas e usos; perífrases), conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas e conxuntivas) adverbio (e locucións adverbiais).

13. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. Multilingüismo e plurilingüismo. Linguas hexemónicas e linguas minorizadas. Linguas minoritarias e linguas maioritarias. Conflito lingüístico e diglosia. Substitución e Normalización Lingüística. Ecoloxía das Linguas.
14. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da formación da lingua galega: substrato, estrato e superestrato. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
15. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da lingua galega na Idade Media e nos Séculos Escuros. Contexto histórico e situación sociolingüística.
16. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da lingua galega no Rexurdimento. Contexto histórico e situación sociolingüística.
17. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da Literatura Galega, como unha literatura non normalizada. Cronoloxía .
18. Coñecemento, comprensión e comentarios literarios arredor da literatura medieval: a lírica profana e a lírica relixiosa. A prosa medieval.
19. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta.
20. Coñecemento, comprensión e comentarios literarios arredor da literatura no século XIX: Prerrexurdimento, Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal. Outros autores coetáneos.

## c) Procedementos e instrumentos para avaliar os estándares de aprendizaxe.

Como xa quedaron recollidos nas Programacións de Aula, estes son os Instrumentos e os Procedementos para avaliar o grao de adquisición de contidos e o grao de desenvolvemento das competencias clave, así como o peso (Criterios de Cualificación) que teñen no conxunto da materia. Aparecen vinculados aos estándares de aprendizaxe que previamente concretamos:

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR CADA INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p><b>Observación Directa (OD).</b> Rexistro de intervencións na Libreta de Aula <b>(para mellorar os resultados até 1 punto, unha vez acadado o 4 no exame trimestral)</b></p>	<p>1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas respectando a coherencia e a corrección gramatical.</p> <p>2. Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos).</p> <p>3. escoita activamente (case sempre) e identifica (xeralmente) os recursos verbais e non verbais, así como as propiedades textuais de textos orais propios da actividade cotiá e académica, así como dos medios de comunicación e información e é quen de producir textos orais claros, adecuados á situación comunicativa e respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.</p> <p>4. Identifica (con escasos erros) os xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, para responder a cuestións relativas a esta tipoloxía textual.</p> <p>5. Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos</p>

	<p>(entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</p> <p>8.Intervén (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) en coloquios e debates (Bloque 4, Lingua e Sociedade e Bloque 5, Educación Literaria) e é quen de argumentar, respectando as quendas e a opinión dos demais e empregando unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>9.Recoñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os erros na expresión, así como as interferencias lingüísticas e desviacións da norma e é quen de autocorrixirse.</p> <p>10.Coñece (con escasas dúbidas) estimulad@ pola persoa docente ou polos compañeiros/as os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.</p> <p>11.Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias e os temas e subtemas de todo tipo de textos escritos en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas respectando a coherencia e a corrección gramatical.</p> <p>13.Produce (con escasos erros) textos escritos nos distintos rexistros e é quen de facelo de xeito claro e ordenado (case sempre), adecuados ao contexto, con adecuación, cohesión, coherencia e corrección gramatical.</p> <p>14.Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos expositivos e argumentativos e é quen de identificar neles a idea principal e as secundarias, distinguir a súa estrutura e elaborar (cada vez con maior autonomía) textos semellantes.</p> <p>16.Comprende, interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos xornalísticos e publicitarios e é quen de elaborar comentarios críticos arredor dos mesmos (seguindo as pautas dadas), diferenciando a información da opinión e da persuasión e rexeitando ideas e usos discriminatorios.</p> <p>17.Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos descritivos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>18.Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con</p>
--	---

	<p>progresiva autonomía) os textos narrativos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>19.Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos dialogados e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>21.Coñece (con escasas dúbidas) os conceptos lingüísticos básicos e é quen de utilízalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre), adecuándoos ao contexto, respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.</p> <p>22.Identifica e explica (con escasas dúbidas) os usos e valores básicos de todas as clases de palabras, dos conectores, de perífrases e de locucións adverbiais, e é quen reflexionar sobre o seu funcionamento a través dos exercicios propostos; así como utilízalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre) respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.</p> <p>23.Participa (con progresiva autonomía, estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as) en traballos de investigación e/ou proxectos (Traballo de Historia da Lingua e producións artístico-literarias) e é quen de desenvolver a súa competencia plurilingüe e integrar outras manifestacións artísticas nas súas producións textuais (case sempre).</p> <p>25.Coñece e valora (con escasas dúbidas) a diversidade lingüística e é quen de analizar a situación da Península Ibérica, de Europa e do mundo.</p> <p>26.Coñece (con escasas dúbidas) a lusofonía e é quen de analizar a situación do galego no mundo lusófono (con progresiva autonomía).</p> <p>27.Coñece e analiza (con escasas dúbidas) os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua hexemónica, conflito lingüístico, diglosia, substitución lingüística e normalización lingüística e é quen de aplicalos e/ou recoñecelos criticamente nunha situación real (con progresiva autonomía).</p> <p>33.Coñece (case sen dúbidas) os xéneros literarios e @s autor@s máis representativos das distintas etapas da Literatura Galega é quen de elaborar comentarios arredor dos textos propostas de distintas etapas da Historia da Literatura (con progresiva autonomía).</p>
<p><b>Lectura dunha obra e gravación do seu comentario oral</b></p>	<p>2.Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis</p>

<b>(10%)</b>	<p>rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos).</p> <p>5.Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</p> <p>6.Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.</p> <p>18.Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos narrativos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>33.Coñece (case sen dúbidas) os xéneros literarios e @s autor@s máis representativos das distintas etapas da Literatura Galega é quen de elaborar comentarios arredor dos textos propostas de distintas etapas da Historia da Literatura (con progresiva autonomía).</p>
<b>Exposición oral do Traballo de Investigación. Rúbrica (10%)</b>	<p>2.Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos).</p> <p>5.Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.</p> <p>6.Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.</p> <p>7.Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras <i>comodín</i>, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.</p>

<p><b>Traballo de Investigación. Rúbrica (10%)</b></p>	<p>12.Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas para mellorar a súa comprensión e obter información de cara ás súas propias producións.</p> <p>14.Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos expositivos e argumentativos e é quen de identificar neles a idea principal e as secundarias, distinguir a súa estrutura e elaborar (cada vez con maior autonomía) textos semellantes.</p> <p>15.Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras <i>comodín</i>, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.</p> <p>20.Organiza o seu traballo (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) arredor da súa produción escrita e é quen de planificalo e revisalo, respectando as indicacións dadas para a súa realización, ademais das propiedades textuais e a corrección gramatical.</p> <p>23.Participa (con progresiva autonomía, estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as) en traballos de investigación e/ou proxectos (Traballo de Historia da Lingua e producións artístico-literarias) e é quen de desenvolver a súa competencia plurilingüe e integrar outras manifestacións artísticas nas súas producións textuais (case sempre).</p> <p>24.Coñece (con escasas dúbidas) as funcións sociais da lingua e é quen de analizar de xeito crítico a situación do galego a respecto das mesmas (con progresiva autonomía).</p> <p>27.Coñece e analiza (con escasas dúbidas) os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua hexemónica, conflito lingüístico, diglosia, substitución lingüística e normalización lingüística e é quen de aplicalos e/ou recoñecelos criticamente nunha situación real (con progresiva autonomía).</p> <p>28.Coñece e describe (con escasas dúbidas) as orixes da lingua galega (substrato, estrato e superestrato), e é quen de recoñecer cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais, diferenciando tamén as familias léxicas regulares das irregulares (con progresiva autonomía).</p> <p>29.Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego antigo, e é quen de valorar o esplendor da lingua na Idade Media a través dos seus documentos literarios e non literarios (con progresiva autonomía).</p>
--	---

	<p>30. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego medio, e é quen de analizar criticamente as causas e as consecuencias (minorización, castelanización e xurdimento dos prexuízos lingüísticos) da súa decadencia nos séculos XVI, XVII e XVIII a través do coñecemento de feitos históricos relevantes e servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</p> <p>31. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego moderno, e é quen de analizar criticamente o contexto decimonónico (xurdimento do Galeguismo e Rexurdimento literario) e a situación social da lingua servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</p> <p>32. Elabora (con progresiva autonomía e seguindo as pautas dadas) traballos de investigación trimestrais nos cales é quen de investigar arredor da situación social do galego antes de 1916 e analizar criticamente os condicionantes históricos que o levaron a situación de lingua minorizada en que sobrevive hoxe (con progresiva autonomía).</p>
<p><b>Proba escrita.</b> <b>Criteria de Corrección (60%)</b></p>	<p>11. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias e os temas e subtemas de todo tipo de textos escritos en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas respectando a coherencia e a corrección gramatical.</p> <p>13. Produce (con escasos erros) textos escritos nos distintos rexistros e é quen de facelo de xeito claro e ordenado (case sempre), adecuados ao contexto, con adecuación, cohesión, coherencia e corrección gramatical.</p> <p>14. Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos expositivos e argumentativos e é quen de identificar neles a idea principal e as secundarias, distinguir a súa estrutura e elaborar (cada vez con maior autonomía) textos semellantes.</p> <p>16. Comprende, interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos xornalísticos e publicitarios e é quen de elaborar comentarios críticos arredor dos mesmos (seguindo as pautas dadas), diferenciando a información da opinión e da persuasión e rexeitando ideas e usos discriminatorios.</p> <p>17. Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos descritivos e é quen de producir outros</p>

	<p>semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>18. Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos narrativos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>19. Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos dialogados e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).</p> <p>21. Coñece (con escasas dúbidas) os conceptos lingüísticos básicos e é quen de utilízalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre), adecuándoos ao contexto, respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.</p> <p>22. Identifica e explica (con escasas dúbidas) os usos e valores básicos de todas as clases de palabras, dos conectores, de perífrases e de locucións adverbiais, e é quen de reflexionar sobre o seu funcionamento a través dos exercicios propostos; así como utilízalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre) respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.</p> <p>24. Coñece (con escasas dúbidas) as funcións sociais da lingua e é quen de analizar de xeito crítico a situación do galego a respecto das mesmas (con progresiva autonomía).</p> <p>26. Coñece (con escasas dúbidas) a lusofonía e é quen de analizar a situación do galego no mundo lusófono (con progresiva autonomía).</p> <p>27. Coñece e analiza (con escasas dúbidas) os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua hexemónica, conflito lingüístico, diglosia, substitución lingüística e normalización lingüística e é quen de aplicalos e/ou recoñecelos criticamente nunha situación real (con progresiva autonomía).</p> <p>28. Coñece e describe (con escasas dúbidas) as orixes da lingua galega (substrato, estrato e superestrato), e é quen de recoñecer cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais, diferenciando tamén as familias léxicas regulares das irregulares (con progresiva autonomía).</p> <p>29. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego antigo, e é quen de valorar o esplendor da lingua na Idade Media a través dos seus documentos literarios e non literarios (con progresiva autonomía).</p> <p>30. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego medio, e é quen de analizar criticamente as causas e as consecuencias (minorización, castelanización e xurdimento dos prexuízos lingüísticos) da súa decadencia nos séculos XVI, XVII e XVIII a través do coñecemento de</p>
--	--

	<p>feitos históricos relevantes e servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</p> <p>31.Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego moderno, e é quen de analizar criticamente o contexto decimonónico (xurdimento do Galeguismo e Rexurdimento literario) e a situación social da lingua servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).</p> <p>34.Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega de tradición oral é quen de comentar textos da tradición oral (con progresiva autonomía).</p> <p>35.Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega medieval é quen de comentar cantigas pertencentes aos tres grandes xéneros (seguindo as pautas dadas e con progresiva autonomía).</p> <p>36.Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega dos Séculos Escuros é quen de comentar esas mostras literarias (con progresiva autonomía).</p> <p>37.Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega do Rexurdimento é quen de comentar textos pertencentes aos tres grandes autores (seguindo as pautas dadas e con progresiva autonomía).</p>
<p><b>Compromiso coa normalización e dinamización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Trátase de manter un uso habitual do galego, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual. (Tarefa Voluntaria) (10%)</b></p>	<p><b><i>LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.</i></b></p> <p><b><i>LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</i></b></p> <p>24.Coñece (con escasas dúbidas) as funcións sociais da lingua e é quen de analizar de xeito crítico a situación do galego a respecto das mesmas (con progresiva autonomía).</p> <p>25.Coñece e valora (con escasas dúbidas) a diversidade lingüística e é quen de analizar a situación da Península Ibérica, de Europa e do mundo.</p>
<p><b>TAREFAS VOLUNTARIAS</b></p>	<p>23.Participa (con progresiva autonomía, estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as) en traballos de investigación e/ou proxectos (Traballo de Historia da Lingua e producións artístico-</p>

<p><b>(para mellorar os resultados até 2 puntos, unha vez acadado o 4 no exame trimestral)</b></p>	<p>literarias) e é quen de desenvolver a súa competencia plurilingüe e integrar outras manifestacións artísticas nas súas producións textuais (case sempre).</p> <p>25.Coñece e valora (con escasas dúbidas) a diversidade lingüística e é quen de analizar a situación da Península Ibérica, de Europa e do mundo.</p> <p>26.Coñece (con escasas dúbidas) a lusofonía e é quen de analizar a situación do galego no mundo lusófono (con progresiva autonomía).</p> <p>27.Coñece e analiza (con escasas dúbidas) os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua hexemónica, conflito lingüístico, diglosia, substitución lingüística e normalización lingüística e é quen de aplicalos e/ou recoñecelos criticamente nunha situación real (con progresiva autonomía).</p> <p>33.Coñece (case sen dúbidas) os xéneros literarios e @s autor@s máis representativos das distintas etapas da Literatura Galega é quen de elaborar comentarios arredor dos textos propostas de distintas etapas da Historia da Literatura (con progresiva autonomía).</p>
--	--

## Cadros para a Avaliación de Coloquios e Debates

AVALIACIÓN INICIAL 1ºBACHARELATO. COLOQUIO: <i>LINGUAS CRUZADAS</i>																							
ALUMNOS /AS	CONTIDOS CONCEPTUAIS (coñecementos previos)			ESCOITA ACTIVA e AUTOCORRECCIÓN (CAA)			PARTICIPACIÓN (CSIEE)				INTERVENCIÓN ADECUADAS (CSC)				OPINIÓNS ARGUMENTADAS (CCEC)								

AVALIACIÓN INICIAL 1ºBACHARELATO. COLOQUIO e COMENTARIO: <i>LINGUAS CRUZADAS</i>																							
ALUMNOS/AS	COMUNICACIÓN (CCL)			COMPREENSIÓN ORAL				EXPRESIÓN ORAL				COMPREENSIÓN ESCRITA				EXPRESIÓN ESCRITA							
				DOCUMENTAIS <i>LINGUAS CRUZADAS</i>				COLOQUIO NA AULA				INDICACIÓNS DADAS (Guión <i>Linguas Cruzadas</i> )				COMENTARIO CRÍTICO							

ÍNDICES DE LOGRO: BAIXO (1), MEDIO (2), ALTO (3), MOI ALTO (4)

AVALIACIÓN DA PARTICIPACIÓN NUN DEBATE (1ºBACH)									
A L U M N O S / A S	INFORMA- CIÓN PREVIA (CCL. Compren- sión escrita)	FONTES CONSUL- TADAS (CD)	INTERVEN- CIÓN. Escoita activa (CSC)	PARTICI- PACIÓN (CSIEE)	AUTO- CORREC- CIÓN (CAA)	ARGUMEN- TACIÓN con sentido crítico ante prexuízos (CCEC)	INTERPRE- TACIÓN de gráficas de datos e de mapas (CMCCT)	ORALI- DADE (CCL. compren- sión e expresión oral)	ARTIGO POSTE- RIOR (CCL. expresión escrita)
	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4	1 2 3 4

## Rúbrica para a Avaliación da Presentación Informática

CRITERIOS		EXCELENTE	BO	ACEPTABLE	BAIXO	NULO
Elementos externos	Portada	Aparece o título, un subtítulo, unha imaxe e o autor/a	Aparece o título, unha imaxe e autor/a	Aparece o título e o nome do autor/a	Aparece o título	Non hai portada
	Índice	O traballo inclúe un índice con referencia aos nº de páxina dos apartados e dos subapar.	O traballo inclúe un índice con todo pero sen referencia aos nº de páx.	O traballo inclúe un índice aínda que carece dalgún dos apartados.	O traballo inclúe un índice mal elaborado ou confuso.	O traballo non inclúe un índice
	Fontes	Utilizou todos os recursos e fontes recomendados e achegou outros adecuados	Utilizou os recursos e fontes recomendados e achegou outros .	Utilizou bastantes dos recursos e fontes de consulta recomendados	Utilizou só algúns dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Non utilizou os recursos e fontes de consulta recomendados
	Presentación	A letra é clara ou usa unha fonte tipográfica adecuada; o corpo escrito está limpo e favorece a lexibilidade.	O corpo escrito está bastante limpo e a lexibilidade é boa.	Alterna en exceso entre fontes. O corpo escrito non está limpo mais a lexibilidade é aceptábel.	A letra ou a fonte tipográfica é parcialmente ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo.	A letra ou a fonte tipográfica é ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo.
Elementos internos	Adecuación	O traballo desenvolve todos os puntos necesarios con contido relevante.	O traballo desenvolve todos os puntos con contido necesario.	O traballo desenvolve a maior parte con contido relevante.	O traballo só desenvolve algúns puntos con contido .	O traballo desenvolve menos da metade dos puntos ou irrelevante
	Coherencia e Cohesión	Os parágrafos están ben estruturados e empréganse marcadores discursivos apropiados e variados.	Os parágrafos están case ben estruturados e empréganse marcadores variados.	Algúns parágrafos non están ben estruturados. Empréganse marcadores con escasa variedade.	Moitos parágrafos non están ben estruturados e utiliza 1-2 marcadores ao longo de todo o texto.	Os parágrafos están mal estruturados e non se empregan marcadores discursivos.
	Gramática	Non presenta erros gramaticais.	Presenta erros gramaticais puntuais ou un único erro.	Presenta varios erros gramaticais aínda que non de forma	Presenta numerosos erros gramaticais	Presenta erros gramaticais Constantes. Afectan á

				reiterados.	que dificultan a comprensión do texto.	comprensión do texto.
	<b>Ortografía</b>	Non presenta erros ortográficos.	Presenta erros ortográficos puntuais.	Presenta varios erros ortográficos	Presenta numerosos erros ortográficos.	Presenta erros ortográficos constantes. llexibilidade.
	<b>Riqueza léxica</b>	Utiliza un vocabulario rico e moi preciso e adecuado ao tema.	Utiliza un vocabulario preciso e adecuado ao tema.	Utiliza un vocabulario variado, e adecuado ao tema.	Utiliza un vocabulario variado, aínda que inadecuado ao tema.	Utiliza un vocabulario pobre, pouco preciso e inadecuado ao tema.
	<b>Imaxes</b>	Imaxes e efectos que realzan o contido	Só na metade das diapositivas...	Menos da metade das diapositiva...	Escasas diapositiva..	Ningunha diapositiva...
<b>ELABORACIÓN</b>						
	<b>CRITERIOS</b>	<b>EXCELENTE</b>	<b>BO</b>	<b>ACEPTABLE</b>	<b>BAIXO</b>	<b>NULO</b>
<b>INVESTIGACIÓN CONTIDOS (0'5)</b>	<b>Relación texto-imaxe</b>	Diapositivas con menos texto que imaxe e con frases curtas.		Diapositivas con máis texto que imaxe. Frases moi longas		Diapositivas só con texto. Sen imaxes.
	<b>Contidos</b>	Diapositivas con información relevante	Diapositivas con algunha información relevante	Diapositivas con pouca información	Diapositivas sen información relevante	Diapositivas sen información
	<b>Imaxes</b>	Inclúe ilustracións pertinentes que lle foron solicitadas.	A maior parte das ilustracións son pertinentes .	Aproximadamente a metade das ilustracións e/ou gráficas son pertinentes	Inclúe poucas ilustracións Pertinentes ou case ningunha das solicitadas.	Non inclúe as ilustracións e/ou gráficas solicitadas.
	<b>Organización</b>	O traballo presenta unha división en apartados e subapartados coherente.	O traballo presenta unha división en apartados adecuada.	O traballo presenta algún apartado ou subapartado moi breve ou mal dividido.	O traballo presenta varios apartados ou subapartados moi breves e mal divididos.	O traballo non presenta apartados nin subapartados.
	<b>Conclusións</b>	Acaba cunha diapositiva na que se resume a idea principal en 2-3 liñas	.	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado estenso		Carece de diapositiva de conclusión
<b>INVESTIGACIÓN</b>						

## Rúbrica para a Avaliación da Exposición do Traballo

CRITERIOS		EXCELENTE (4-5)	BO (3-4)	ACEPTABLE (2-3)	BAIXO (1-2)	NULO (0-1)
<b>Presentación (Inicio da Exposición)</b>		Saúda a audiencia, preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa.	Saúda a audiencia, preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición con vacilacións.	Saúda a audiencia e preséntase de forma adecuada pero non indica o tema da exposición.	Saúda a audiencia e/ou preséntase, aínda que non indica o tema da exposición.	Non saúda nin se presenta ou faino de forma inadecuada e tampouco indica o tema da exposición.
<b>Exposición Oral</b>	<b>Xestualidade e postura</b>	Mantén unha postura adecuada. Os seus xestos non denotan nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada, aínda que os seus xestos denotan certo grao de nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada durante case toda a exposición pero os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e/ou os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e os seus xestos denotan un alto grao de nerviosismo.
	<b>Pronuncia, fluidez e entoación</b>	Pronuncia correctamente todos os fonemas. O seu discurso resulta fluído e natural. A entoación e o volume son adecuados.	Pronuncia incorrectamente e de maneira puntual. O seu discurso resulta fluído e natural. A entoación e o volume son adecuados.	Pronuncia incorrectamente. O seu discurso é pouco fluído e natural. A entoación e o volume son pouco adecuados.	Pronuncia incorrectamente. O seu discurso carece de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume son inadecuados e dificultan a comprensión.	Pronuncia incorrectamente e o seu discurso carece por completo de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión.
	<b>Claridade expositiva</b>	Fala despacio e con total claridade durante toda a exposición.	A maior parte do tempo fala con claridade.	Exprésase con suficiente claridade.	Exprésase con bastante dificultade. Fala rápido e/ou case non se lle entende.	Exprésase con moita dificultade. Non se lle entende.
	<b>Corrección lca.</b>	Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas.	Comete puntualmente algunha interferencia lingüística, que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que non corrixe.	Mestura continuamente castelán e galego.
<b>Exposición de contidos</b>	<b>Adecuación</b>	Cumpe todos os puntos previstos para a exposición achegando información pertinente en todos eles.	Cumpe todos os puntos previstos para a exposición aínda que non achega información pertinente nalgún deles.	Cumpe de maneira suficiente con todos os puntos previstos na exposición aínda que achega pouca información.	Incumpe polo menos a metade dos puntos previstos na exposición ou non achega información pertinente nin suficiente.	Incumpe practicamente todos os puntos previstos na exposición ou non achega información pertinente.
	<b>Coherencia e cohesión</b>	Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e a cohesión	Organiza a exposición pero non sempre garante a coherencia e a cohesión textuais	Organiza a exposición de modo que a coherencia e a cohesión textuais se ven comprometidas.	Carece de recursos para dotar de coherencia a súa exposición e utiliza algúns rudimentarios de	Carece de recursos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. Descoñece

		textuais.			cohesión como marcadores simples.	aspectos básicos do tema.
	<b>Riqueza léxica</b>	Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema.	Emprega un vocabulario rico e variado, aínda que con algunhas imprecisións.	Emprega un vocabulario variado aínda que impreciso.	Emprega un vocabulario pobre e con bastantes imprecisións. Comete erros conceptuais.	Emprega un vocabulario moi pobre e con moitas imprecisións. Comete moitos erros conceptuais.
	<b>Dominio do tema</b>	Os seus coñecementos sobre o tema son profundos e desenvólvese nel con soltura. Pode contestar a todas as preguntas.	Os seus coñecementos sobre o tema son bos e desenvólvese nel con suficiente soltura. Pode contestar a algunha pregunta.	Os seus coñecementos son suficientes pero presenta vacilacións na exposición. Case non contesta ás preguntas.	Descoñece algúns aspectos básicos sobre o tema e presenta importantes vacilacións na exposición. Non sabe responder ao que se lle pregunta.	Descoñece até os aspectos máis básicos do tema que se vai tratar. Non sabe responder ao que se lle pregunta.
<b>Conclusión e despedida</b>	<b>Despedida</b>	Despídese adecuadamente e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese e non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide ou non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide nin dá paso á audiencia para que faga preguntas.
	<b>Tempo de exposición</b>	Utilizou todo o tempo destinado á presentación e desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración da exposición foi lixeiramente superior/ inferior á prevista, aínda que desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración foi bastante superior/ inferior á prevista ou non desenvolveu algún dos puntos previstos.	A duración da exposición foi moi superior/inferior á prevista e deixou dous ou máis puntos previstos sen tratar.	A duración da exposición resulta insuficiente para poder avaliar a actividade e/ou deixou tres ou máis puntos sen tratar.
<b>Material de apoio</b>		Usa material de apoio que clarifica a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia como fragmentos de vídeo, gráficas, esquemas...	Usa material de apoio que clarifica un pouco a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia (gráficas, esquemas...)	Usa material de apoio para clarificar a exposición, aínda que non sempre o consegue. Non é quen de manter o interese.	Usa material de apoio que non contribúe a clarificar a exposición e non é quen de manter o interese da audiencia durante toda a exposición.	Non usa ningún tipo de material de apoio ou o que usa non é pertinente.

## Rúbrica para a Avaliación do comentario da Lectura

CRITERIOS		EXCELENTE (4-5)	BO (3-4)	ACEPTABLE (2-3)	BAIXO (1-2)	NULO (0-1)
<b>Presentación (Inicio da Exposición)</b>		Contextualiza o texto de maneira clara e concisa.	Contextualiza o texto de forma adecuada pero con vacilacións.	Contextualiza o texto pero non adecuadamente.	Contextualiza mal o texto.	Non contextualiza o texto.
<b>Expre- sión Oral</b>	<b>Xestualidade e postura</b>	Mantén unha postura adecuada. Os seus xestos non denotan nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada, aínda que os seus xestos denotan certo grao de nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada durante case toda a exposición pero os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e/ou os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e os seus xestos denotan un alto grao de nerviosismo.
	<b>Pronuncia, fluidez e entoación</b>	Realiza un excelente lectura do mesmo.	Realiza unha boa lectura do mesmo. Aínda que algo monótona.	Realiza a lectura do mesmo con algún erro na pronuncia e cunha entoación ou volume pouco adecuados.	Realiza unha inadecuada lectura do mesmo con problemas na pronuncia e cunha entoación e un volume inadecuados, que dificultan a comprensión.	Realiza unha errónea lectura do mesmo ou esquécese de lelo. Pronuncia incorrectamente e a entoación e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión.
	<b>Claridade expositiva</b>	Fala despacio e con total claridade durante toda a exposición.	A maior parte do tempo fala con claridade.	Exprésase con suficiente claridade.	Exprésase con bastante dificultade. Fala rápido e/ou case non se lle entende.	Exprésase con moita dificultade. Non se lle entende.
	<b>Corrección lca. (Ausencia de interferencias)</b>	Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas.	Comete puntualmente algunha interferencia lingüística, que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que non corrixe.	Mestura continuamente castelán e galego.
<b>Expo- sición de contidos</b>	<b>Adecuación</b>	Cumprén os 4 puntos previstos para o comentario achegando información pertinente en todos eles.	Cumprén os 4 puntos previstos para o comentario aínda que non achega información pertinente nalgún deles.	Cumprén de maneira suficiente cos 4 puntos previstos no comentario aínda que achega pouca información.	Incumprén polo menos 2 dos puntos previstos no comentario ou non achega información pertinente nin suficiente.	Incumprén practicamente todos os puntos previstos no comentario ou non achega información pertinente.
	<b>Coherencia e cohesión</b>	Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e a cohesión textuais.	Organiza a exposición pero non sempre garante a coherencia e a cohesión textuais.	Organiza a exposición comprometendo a coherencia e a cohesión textuais.	Carece de recursos para dotar de coherencia a súa exposición e utiliza conectores moi simples.	Carece de recursos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición.

	<b>Riqueza léxica</b>	Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema.	Emprega un vocabulario rico e variado, aínda que con algunhas imprecisións.	Emprega un vocabulario variado aínda que impreciso.	Emprega un vocabulario pobre e con bastantes imprecisións. Comete erros conceptuais.	Emprega un vocabulario moi pobre e con moitas imprecisións. Comete moitos erros conceptuais.
	<b>Dominio do tema</b>	Os seus coñecementos sobre o tema son profundos e desenvólvese nel con soltura. Pode contestar a todas as preguntas.	Os seus coñecementos sobre o tema son bos e desenvólvese nel con suficiente soltura. Pode contestar a algunha pregunta.	Os seus coñecementos son suficientes pero presenta vacilacións na exposición. Case non contesta ás preguntas	Descoñece algúns aspectos básicos sobre o tema e presenta importantes vacilacións na exposición. Non sabe responder ao que se lle pregunta.	Descoñece até os aspectos máis básicos do tema que se vai tratar. Non sabe responder ao que se lle pregunta.
<b>Conclusión e despedida</b>	<b>Despedida</b>	Despídese adecuadamente expoñendo as súas conclusións e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese expoñendo brevemente as súas conclusións e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese e non expón as súas conclusións ou non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide ou non expón as súas conclusións non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide nin dá paso á audiencia para que faga preguntas.
	<b>Tempo de exposición (5 minutos)</b>	Utilizou todo o tempo destinado á presentación e desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración da exposición foi lixeiramente superior/inferior á prevista, aínda que desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración foi bastante superior/inferior á prevista ou non desenvolveu algún dos puntos previstos.	A duración da exposición foi moi superior/inferior á prevista e deixou dous ou máis puntos previstos sen tratar.	A duración da exposición resulta insuficiente para poder avaliar a actividade e/ou deixou tres ou máis puntos sen tratar.
<b>Material de apoio</b>		Usa material de apoio que clarifica a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia como fragmentos de vídeo, gráficas, esquemas...	Usa material de apoio que clarifica un pouco a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia (gráficas, esquemas...)	Usa material de apoio para clarificar a exposición, aínda que non sempre o consegue. Non é quen de manter o interese.	Usa material de apoio que non contribúe a clarificar a exposición e non é quen de manter o interese da audiencia durante toda a exposición.	Non usa ningún tipo de material de apoio ou o que usa non é pertinente.

## Modelo de Exame

### BLOQUE 2. CONTIDOS COMÚNS (COMUNICACIÓN ESCRITA) (5 PUNTOS)

TEXTO: **DISCURSO NOS PREMIOS XERAIS 2009**

Ás veces a min e aos meus compañeiros de profesión chámannos escritores periféricos, ou localistas, porque escribimos desde Galicia e en galego. Esquecen que un escritor nunca é periférico, que o centro do mundo sempre está na súa mesa de traballo. O proceso de creación non sabe de periferias. 'Se puede ser provinciano en el centro de Nueva York y universal en una aldea de los Andes', escribiu Octavio Paz.

Tentamos que os nosos textos cheguen todo o lonxe que a súa calidade llelo permita. Buscamos en primeiro lugar aos lectores do noso país; eles son os interlocutores privilexiados. Despois buscamos tamén esa periferia mundial que nos rodea.

Estamos afeitos a traballar en situacións adversas. Na historia da nosa literatura as liñas de resistencia veñen de lonxe. De Rosalía, rebelándose contra o feito de sentirse estranxeira na súa patria; de Curros, que denuncia a ameaza dos lobos e clama pola unión; de Cunqueiro, a soñar as mil primaveras para a lingua estigmatizada; de Celso Emilio, falándolle como un irmoa a todos os desposuídos do mundo...

A nosa forma de participar na cultura da humanidade é desenvolvendo a cultura galega. Temos dentro de nós a materia que lle pode interesar a calquera persoa en calquera lugar do mundo. Só precisamos plasmala a través do proceso de creación. Para conseguilo, cómpre chantar os pés na nosa realidade e, coas raíces na terra, abrimos a todos os ventos culturais do mundo. Porque aquí están as fábricas da imaxinación das que fala Manuel Rivas; delas poden saír creacións que tamén se lean en toda a periferia mundial. Obras cargadas de vida, obras cunha luz tan forte que sexa imposible de agochar.

Un dos trazos máis significativos da cultura galega, que tan ben souberon expresar os membros da Xeración Nós, é a súa vocación de ser célula de universalidade, a súa vontade de ser unha peza máis, en pé de igualdade, no mosaico mundial das culturas: a súa conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces.

**Agustín Fernández Paz**

1. Ponlle un novo título ao artigo.
2. Elabora un breve resumo do texto.
3. Explica que quere dicir o autor cando afirma: *buscamos tamén esa periferia mundial que nos rodea* (líña 8).
4. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Agustín Fernández Paz arredor da relación entre ter vontade de escritor universal e escribir nunha lingua minoritaria. (Extensión aprox. 200-250 palabras)

### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA (2-3 PUNTOS)

1. Elabora unha definición adecuada dos seguintes termos relacionados cos tipos de textos: **editorial, conto, conferencia, reportaxe**.
2. Xustifica a que tipo de texto pertence o seguinte:

*A última tendencia no mundo da nova tecnoloxía (a tendencia que debes seguir se queres ser un moderno de verdade) é do máis retro. Os modernos que van á última ultimísima moda (eses*

que saben realmente o que se leva) están comezando a pasar dos seus smartphones para recuperar o teléfono móbil ladrillo de toda a vida.

Un pouco na liña dos namorados do pasado que fan quedadas para escribir a máquina, estes novos modernos pasan do iPhone 6, de Whatsapp, das apps que che axudan a facer o que sexa e pasan ata de Google Maps! Polo momento son moi poucos, pero xa teñen caras famosas entre os seus partidarios.

As razóns para este cambio son variadas. Falan dos prezos (quita a tarifa de datos e verás como baixa a factura), dos problemas que eliminan con baterías que non morren cada cinco minutos e de que en realidade só precisan de chamadas e SMS para xestionar as súas comunicacións diarias. Pero, por outra banda, os entrevistados acaban falando de liberdade. Como di unha destas modernas, está ben descubrir un restaurante por casualidade e non porque cho recomendaron en Yelp. Os móbiles intelixentes acabaron matando a pouca aventura que podíamos ter na vida cotiá.

Librarse do smartphone é tamén librarse do mail que chega en todo momento e permite gañar polo menos en tranquilidade. E a iso súmaselle ademais a preocupación pola privacidade. A medida que os consumidores están cada vez máis tempo online, os seus terminais saben máis de todos eles do que saben os seus pais. Cun terminal \_parvo\_ non é que quedes realmente á marxe de todo iso, pero polo menos teñen moito máis complicado usalo para venderche publicidade.

Polo de agora o movemento é pequeno, pero todos sabemos o que acaba acontecendo coas cousas así. Será a vida sen smartphone a nova moda slow do futuro inmediato?

**Raquel C. Pico, en Disquecool (06/10/2014)**

3. Indica se as seguintes palabras do texto son morfoloxicamente simples, derivadas ou compostas. Xustifica a resposta, sinalando no seu caso a derivación ou composición que aprecies.

### BLOQUE 3. SOCIOLINGÜÍSTICA E HISTORIA DA LINGUA (2-3 PUNTOS)



1. Identifica e explica, definíndoo adecuadamente, o concepto de Sociolingüística que se agocha na seguinte viñeta de Xaquín Marín.

2. A través dos seguintes termos, explica a diferenza entre cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais; indicando que teñen en común as linguas románicas.

3. Elabora un texto expositivo co seguinte título: *Do monolingüismo á substitución lingüística.*

### BLOQUE 5. LITERATURA (1-2 PUNTOS)

1. Elabora un comentario do seguinte texto. Debes centrarte na forma pero tamén no seu contido, para xustificar o seu xénero, así como no autor/a e na época á que pertence.

## Criterios de corrección do Exame

1. **INTERPRETACIÓN DO ASUNTO (arredor do texto dado) (0'5 puntos. Até 0'25 por cada apartado)**
  - a. Explicación dos conceptos lingüísticos que se abordan no texto e interpretación da escolla do autor.
  - b. Creación dun texto adecuado, cohesionado e coherente; con corrección gramatical e ortográfica.
  
2. **TÍTULO (0'5 puntos. Até 0'1 por cada apartado)**

a. Centrado no asunto do texto	b. Non xenérico
c. Non longo	d. Chamativo
e. Orixinal	
  
3. **IDENTIFICACIÓN E CORRECCIÓN DO ERRO (0'25 puntos)**
  
4. **DEFINICIÓNS ADECUADAS (0'75 puntos. Até 0'25 puntos por termo ben definido)**
  - a. Ben elaboradas (os subst. defínense iniciando a definición por un subst. Os verbos, por un vbo...)
  - b. Que expliquen, sen necesidade de exemplos nin enumerar sinónimos
  - c. Que non reproduzan algo "chapado" pero non comprendido
  
5. **TEXTO ARGUMENTATIVO (3 puntos)**
  - a. Respecto pola súa estrutura (3 partes cunha intermedia co dobre de peso): **até 1 punto**
    - Presentación do dilema e posicionamento ante o mesmo
    - Desenvolvemento de polo menos 3 argumentos en 3 parágrafos diferenciados
    - Conclusión e reflexión final que recolla o dito anteriormente
  - b. Respecto pola expresión: **até 1 punto**
    - Adecuación, coherencia e cohesión
    - Corrección gramatical e corrección ortográfica
  - c. Adecuada construción textual: **até 1 punto.**
    - Presenza como mínimo de 3 argumentos diferenciados
    - Información pertinente e necesaria
    - Ausencia de información previsible (clixés, etereotipos, lugares comúns)
    - Ausencia de orixinalidade gratuíta.
    - Ausencia de repeticións e/ou contradicións

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, isto dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

6. **CUESTIÓNS DE MORFOSINTAXES (3 puntos)** (2 cuestións prácticas, cun valor de 1 punto a primeira e 2 puntos a segunda, que se repartirá proporcionalmente entre o número de exemplos dados ou solicitados para responder razoadamente a cada pregunta)
- Morfosintaxe 1 (1 punto.)
  - Morfosintaxe 2 (2 puntos.)
7. **INTERPRETACIÓN DUNHA VIÑETA (0'5 puntoS. Até 0'1 por cada apartado)**
- As explicacións deberán estar relacionadas coa Sociolingüística
  - A interpretación deberá ser o produto dunha reflexión e levar a unha explicación razoada arredor da situación da lingua na sociedade nun momento , nunha etapa ou nun lugar determinado
  - Deberá terse en conta sempre a imaxe dada, servirse dela nas explicacións e non utilizala como pretexto
  - A explicación deberá ser elaborada con adecuación, coherencia e cohesión
  - A explicación deberá ser correcta gramaticamente e ortograficamente
8. **CULTISMOS E PALABRAS PATRIMONIAIS (0'5 PUNTOS. Até 0'4 polo 1º apartado e 0'1 polo 2º)**
9. **XUSTIFICACIÓN DO TIPO DE TEXTO E COMENTARIO DO MESMO (1 punto)**
- CONTEXTUALIZACIÓN (até 0'2)
    - Identificación e xustificación con exemplos do propio texto do xénero e da época
  - COMENTARIO (até 0'4)
    - Identificación polo contido e xustificación con exemplos do propio texto (explicación do contido do texto, da súa temática e da voz lírica)
    - Identificación pola forma e xustificación con exemplos do propio texto (explicación dos recursos formais do texto, figuras, rima, composicións estrófica...)
  - CONCLUSIÓN (até 0'2)
    - Influencia deste tipo de composicións en etapas posteriores. Pegada na actualidade.
  - ELABORACIÓN (até 0'2)
    - Explicación adecuada, coherente e cohesionada
    - Ausencia de erros gramaticais e ortográficos

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

O proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos sempre en articulación cos demais.

Pretendemos, desde esta programación reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.

- O sistema educativo ha de lles proporcionar as ferramentas e estratexias que lles permitan desenvólvense na vida adulta e exercer os seus dereitos como cidadáns e cidadás.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

## LIÑAS METODOLÓXICAS

Como conclusión a todo o dito anteriormente respecto á metodoloxía didáctica sérvennos as liñas metodolóxicas enumeradas no [Decreto 133/2007](#), que son as seguintes:

- *Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.*
- *Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.*
- *Fomentar a formulación de hipóteses.*
- *Buscar, seleccionar e tratar a información.*
- *Fomentar a confrontación clara e respectuosa.*
- *Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.*
- *Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.*
- *Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.*
- *Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.*
- *Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.*

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

### ➤ Libro de Apoio.

- *Lingua Galega e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego*

### ➤ Novas Tecnoloxías.

No comezo de curso actualizaranse as contas de correo electrónico de todo o alumnado de 1º Bacharelato para poderen comunicarse a través da Aula Virtual ou do correo electrónico docente e alumno/a.

Ademais contamos con diversos espazos web sostidos desde o nos Departamento Didáctico:

- [Aula Virtual para 1º de Bacharelato](#)
- Blogue monográfico sobre a Literatura Galega: [Literatura Galega](#)
- Blogue para as producións do alumnado de 1º Bacharelato : [Lingua e Literatura I](#)
- [Marlou](#) (blogue) e [Marlou](#) (web)

A persoa docente procurará servirse do canón, da pantalla e do portátil para proxectar na aula imaxes que auxilién as súas exposicións teóricas en torno a calquera das unidades temáticas de cada curso. Deste xeito axudará a formar ao seu alumnado no uso das TIC, pois potenciará que os Traballos de investigación que eles realicen veñan acompañados de imaxes proxectadas a través do uso das novas tecnoloxías.

### ➤ Xornais.

Cada semana distribuíranse, entre o alumnado, artigos tirados dos distintos xornais en calquera soporte, referidos á sociedade galega actual (especialmente ao mundo da cultura e da lingua). Con eles os alumnos/as

deberán elaborar novos artigos ou realizaren comentarios críticos sobre os mesmos. Eses artigos / comentarios dos alumnos/as incorporaranse ao *Blogue de aula*.

➤ **Audiovisuais.**

Proxectaranse documentais relacionados coa Historia de Galicia, da Lingua e da Literatura Galegas, así como Curtas arredor do Teatro e do Cinema Galegos, como complemento ás explicacións da aula, e cunha actividade posterior para realizar polo alumnado sobre o material observado.

Nos cursos ordinarios levarase isto a cabo sempre que a distribución e aproveitamento temporal da materia o permita.

➤ **Sala do Equipo de Normalización Lingüística.**

Consideramos fundamental este espazo ao servizo do alumnado e do profesorado do centro, con todo tipo de materiais e recursos á súa disposición, para fomentar entre o alumnado o traballo en equipo, a súa iniciativa persoal e o espírito emprendedor, ao tempo que dinamizan a normalización lingüística no centro e derruban os prexuízos que segue a sufrir a nosa lingua. O Equipo sostén ademais estes espazos na rede:

- [\*\*Bico da Ría\*\*](#)
- [\*\*O Castelo da Lúa\*\*](#)
- [\*\*Rianxo Fala\*\*](#)

➤ **Lecturas Literarias.**

## LECTURAS PARA 1º BACHARELATO

➤ Ambulancia	Suso de Toro
➤ Land Rover	“
➤ Polaroid	“
➤ Calzados Lola	“
➤ Trece badaladas	“
➤ Tic-tac	“
➤ Home sen nome	“
➤ Crime en Compostela	Carlos Reigosa
➤ Ollos de auga	Domingo Villar
➤ A praia dos afogados	“
➤ A xeira das árbores	Teresa Moure
➤ As rulas de Bakunin.	Antón Riveiro Coelho
➤ Laura no deserto	“
➤ A memoria da choiva	Pedro Feijoo
➤ Morgana en Esmelle	Begoña Caamaño
➤ Circe ou o pracer do azul	“
➤ Festina lente	Marcos Calveiro
➤ De remate	Héctor Cajaraville
➤ En salvaxe compañía.	Manuel Rivas.
➤ O heroe	“
➤ O lapis do carpinteiro	“
➤ O último día en Terranova	“
➤ Un millón de vacas.	“
➤ Que me queres, amor?	“
➤ A man dos paíños	“
➤ Todo é silencio	“
➤ Ilustrísima.	Carlos Casares.
➤ Vento ferido.	“
➤ Arraianos	Xosé Luis Méndez Ferrín.
➤ O crepúsculo e as formigas	“
➤ Título a escoller da Xeración Nós	
➤ Título a escoller da narrativa de posguerra	
➤ Título a escoller da Literatura Universal (traducida ao galego)	

## 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### a) Criterios de Avaliación

Entendemos por avaliación a valoración do grao de dominio das competencias básicas do ámbito lingüístico e literario, asemade das competencias clave indicadas na concreción para cada estándar de aprendizaxe. A observación directa da actitude, o comportamento na aula, o esforzo, a asistencia e a puntualidade, a relación cos outros alumnos e alumnas e o interese amosado pola materia, entre outros, serán instrumentos utilizados para a avaliación de competencias clave como a CAA, a CSC, a CCEC e a CSIEE.

En 1º de Bacharelato o principal instrumento de avaliación será a proba escrita que se realizará cada final de trimestre (para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita) e de competencia literaria, así como da competencia cultural).

Ademais, será tamén instrumentos de avaliación o Traballo de Investigación que se realizará cada trimestre e que se exporá na aula acompañado da proxección dunha presentación informática (para avaliar a competencia lingüística, especialmente na súa versión oral, pero tamén as restantes competencias: CD, CAA, CSIEE, CSC e CCEC).

Finalmente, será tamén instrumento de avaliación o Informe Escrito realizado sobre algún dos textos que forman parte de calquera das *Antoloxías* que figuran como Lecturas Obrigatorias para cada trimestre, así como o Coloquio realizado arredor da lectura obrigatoria que cada alumno/a debe realizar de xeito autónomo cada trimestre (para avaliar tamén a competencia lingüística en todos os seus aspectos, pero tamén a competencia artística e cultural e a cívica e social).

Unha vez acadado o 4 na proba escrita, engadiranse á nota de cada trimestre o resultado da avaliación das Tarefas Voluntarias, da participación do alumno/a nalgún dos proxectos do ENDLG ou do Labor realizado na aula de xeito cotiá, até contabilizar un máximo de 3 puntos.

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión escrita) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas.

A cualificación na avaliación ordinaria de xuño será a da avaliación final ou, no seu caso, a media ponderada das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación. Tendo en conta que se trata dun proceso de avaliación continua, un suspenso no primeiro trimestre queda automaticamente recuperado cun aprobado no segundo trimestre, pois cada avaliación debe supor a recuperación e/ou a mellora con respecto a anterior.

No caso de que un alumno ou alumna suspenda a materia na convocatoria de xuño, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro, que consistirá nunha única proba escrita, semellante á de xuño, que versará sobre a totalidade dos contidos enunciados na programación e requirirá a obtención da cualificación mínima de cinco (5) para aprobar a materia.

## b) Criterios de Cualificación

Para superar cada unha das avaliacións con cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de catro (4) sobre dez (10) na proba escrita de final de trimestre, e un catro con cinco (4,5) na suma ponderada dos distintos instrumentos de avaliación. A ponderación destes instrumentos, como xa se indicou anteriormente, é a que segue:

- Proba Escrita de final de trimestre (exames): **60%** (os coñecementos

teóricos non superarán o 25% e as destrezas prácticas non serán inferiores ao 75%).

- Gravación dun comentario arredor dunha lectura para avaliar a comprensión escrita e a expresión oral: **10%**.
- Elaboración dunha presentación informática, como produto para presentar un traballo de investigación arredor da Historia e da situación social da Lingua e da Literatura: **10%**
- Exposición oral na aula do traballo elaborado con apoio da presentación informática: **10%**
- Cada trimestre o alumnado poderá realizar Tarefas Voluntarias, que subirán a nota final até 3 puntos, unha vez acadado o 4 no exame trimestral. Estas tarefas poderán xirar arredor destes aspectos:
  - Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.
  - Investigación fóra da aula arredor de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega proposta polo alumno/a.
  - Colaboración co ENL
  - Compromiso coa normalización da lingua galega. O estándar avaliable que consideramos transversal a todos os demais: ***LGB4. 3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega*** é fundamental e ten que avaliarse en situacións de aprendizaxe real. Moitos alumnos e alumnas participan nas actividades do ENL, pero cambian de lingua ao saír dos espazos destinados ás aulas de lingua galega ou da sala do equipo; polo que cremos necesario dinamizar o uso do galego en todos os ámbitos e espazos, en situacións de aprendizaxe real. O alumnado deberá demostrar un uso habitual da lingua galega, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual na súa

relación co profesorado de Lingua Galega e Literatura e nas actividades do EDLG.

Esta última tarefa avaliarase por **Observación Directa** e suporá un **10% da nota da materia**, pois trataríase de desenvolver as competencias clave (especialmente a CCL) en lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Ningún alumno/a está obrigado/a a realizala e calquera alumno/a que non a realice poderá obter igualmente un Sobresaliente na materia, se ben non poderá obter un 10, pois non cumpriría o estándar avaliable antes sinalado.

Ademais dos contidos, en todas as probas e traballos, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuados de pronomes anafóricos), corrección gramatical (ortografía sintáctica e léxica) e variación (sintaxe, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos).

Poderase descontar un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global de cada proba ou traballo ata un máximo de 2 puntos por erros correspondentes aos principios fundamentais de adecuación, coherencia, cohesión, variación e corrección gramatical.

Nos controis escritos especificarase o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta e no proceso de corrección, marcarase no exame a puntuación que o profesorado estime adecuada. O exame será amosado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado, con eses valores numéricos visibles e intelixibles. Tamén se lle darán as pertinentes aclaracións a calquera dúbida que poidan ter sobre a corrección das súas probas. Cada proba escrita contará cuns **Criterios de Corrección** que o alumnado coñecerá previamente e que servirán para corrixir e avaliar a devandita proba.

A superación dos controis e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, *chuletas* (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados

propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Se un alumno non se presenta a un exame ou parcial, só terá dereito á repetición aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

## c) Criterios de Promoción

O [Decreto 86/2015](#), no Título II, capítulo III, artigo 35, dedicado á *Promoción*, establece que o alumnado promocionará de 1º a 2º curso do Bacharelato cando supere as materias cursadas ou teñan **avaliación negativa en dúas materias como máximo**. Neste caso, deberá matricularse en 2º curso das materias pendentes do 1º curso. *Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.*

Nos casos nos que se estableza que o equipo docente debe pronunciarse sobre a promoción do alumno/a, o profesorado do departamento terá en conta o grao de consecución dos obxectivos do curso e as notas que aporta no informe de avaliación final sobre o grao de consecución das competencias en comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais, competencia dixital e aprender a aprender, para decidir se a persoa en cuestión está en condicións de seguir con éxito o curso seguinte, se ten expectativas favorables de recuperación e se dita promoción beneficiará a súa evolución académica ou a súa incorporación ao mundo laboral. En caso afirmativo votará a favor da promoción.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

DIMENSIONES	INDICADORES	1	2	3	4	5
<b>Planificación</b>	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.					
	6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					
	7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	9. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).					
	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.					
	DIMENSIONES	INDICADORES	1	2	3	4
	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)					

<b>Desenvolvemento</b>	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Amona predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.					
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.					
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.					
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.					
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.					
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.					
	10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)					
<b>DIMENSIÓNS</b>	<b>INDICADORES</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>Seguimento e Avaliación</b>	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.					
	2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.					
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.					
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
	6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.					

	7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.					
	8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.					
	9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
	10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
	1. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.					
<b>DIMENSIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>Motivación do alumnado</b>	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					
	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).					
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.					
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.					
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.					

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a ***Avaliación do Labor Docente*** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual, como [este](#).

## 9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

(Non corresponde a esta etapa educativa)

## 10. PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS (BACHARELATO)

(Non corresponde a esta etapa educativa nin á nosa materia)

# 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. MEDIDAS.

Nesta etapa do proceso educativo, convén facer unha análise inicial dos coñecementos que posúe o alumnado, centrándonos sobre todo na comprensión e produción de textos audiovisuais, orais e escritos; na corrección ortográfica e gramatical e na expresión sen interferencias lingüísticas, para poder avaliar adecuadamente o grao de desenvolvemento das competencias clave, especialmente a CCL. É preciso saber de onde partimos para comprender até onde podemos chegar.

Así, nos primeiros días do curso, tras as presentacións, realizarase unha Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu “saber facer”.

## a) Modelo de Avaliación Inicial

### LINGUAS CRUZADAS

DURANTE A PROXECCIÓN DOS DOCUMENTAIS:

1. escoita activa.
2. Selección da información máis importante mediante apuntamentos.
3. Recollida de termos de Sociolingüística que xurdan no documental.
4. Contextualización espazo-temporal dos documentais.
5. Escolla do rapaz/a co que te sintas identificado/a. Explicación da súa (túa) actitude lingüística.

DESPOIS DA PROXECCIÓN DOS DOCUMENTAIS:

6. Reflexión arredor da situación actual da lingua que se pon de manifesto nos documentais.
7. Elaboración dun informe ou dun artigo de opinión ao respecto.
8. Debate na aula en torno á situación actual da lingua, adoptando as distintas posturas manifestadas nos documentais.
9. Reflexión arredor da situación que se dá en Rianxo.
10. A maneira de conclusión, exposición individual arredor da propia actitude lingüística (con argumentos que a defendan).
11. Produción dun comentario crítico arredor do asunto: ***Linguas cruzadas***

### PARA DESENVOLVER UN COLOQUIO OU PREPARAR UN DEBATE TRAS A PROYECCIÓN DE ***LINGUAS CRUZADAS...***

#### CARACTERÍSTICAS:

1. Espazos: A Coruña, Santiago, A Terra Chá e Bueu
2. Ámbitos: ensino, deporte, música, cultura, comercio, videoxogos, ciencia
3. Personaxes: xente nova (ACTITUDES LCAS)
4. Usos: monolingües en galego (paleofalantes e neofalantes), monolingües en castelán, bilingües e diglósicos
5. Tempo: hai 5 anos
6. Estrutura: respostas, cuxas preguntas se ignoran (CALES SON ESAS PREGUNTAS?)
7. Asunto: Hai futuro para o galego? (CAL É O FUTURO DA LINGUA?)

#### APUNTAMENTOS:

1. Hai que falar gallego!
2. Yo te hablo castellano
3. Eu falo galego, pero con acento galego, non galego normativo
4. O galego normativo parece portugués
5. Na Coruña, no centro comercial, vin unha familia que falaba galego. Ole y Ole!
6. Galego de pobres e clases baixas / casteláns de ricos e poderosos
7. Galego de cerrados / de nacionalistas /de tipos raros

8. Se non normalizamos o galego, desaparecerá. Todo será en inglés nun mundo globalizado a imaxe dos EEUU e desaparecerán as minorías
9. Neofalantes / Paleofalantes
10. Non é posible vivir nunha cidade galega sendo monolingüe en galego
11. Eu, para ligar, o castelán!
12. Que cadaquén fale no que lle peta. Liberdade! Non imposicións!
13. Aquí non hai conflito lco. / Si que o hai, o cast. Foi imposto sibilinamente polos medios
14. Todo o que se compra está en español. Toda a ciencia , en español. O galego fica para a cultura, para as humanidades.
15. Eu, madrileño, falo galego e o camareiro que me atende no bar fálame español
16. Para min, norcoreana, estando en GZ, o normal é aprender galego.
17. Para sobrevivir o galego precisa un mínimo do 50% nas aulas

### REFLEXIÓN:

1. Que é o galego? Que é ser galego/a?
2. Pódese ser galego/a sen falar galego? Pódese ser galego/a sen nacer en GZ?
3. Por que o galego non é unha lingua normal en GZ?
4. Por que é preciso un ENDLG? Como se normaliza o galego?
5. Por que se chega a un conflito lco.? Que é a diglosia?
6. Para que serve o galego?
7. Que son os prexuizos?
  - a. O galego é unha lingua imposta
  - b. O galego normativo é artificial e de nacionalistas (reivindicativo) (neofalantes)
  - c. O galego da rúa é bruto, de xente do monte ou do rural, de palet@s (comercial) (paleofalantes)
  - d. O galego é unha lingua minoritaria. Mellor o español ou mellor aínda o inglés!
  - e. É de mala educación falar galego se che falan español
  - f. O galego non o entenden fóra de Gz
  - g. O importante é comunicarse, que cadaquén fale o que lle pete!

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. *Interpreta diferentes tipos de discursos audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias. Identifica a intención comunicativa dun texto (información, opinión ou persuasión) sendo quen de emitir xuízos críticos sobre el.*

2. *Participa en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realiza producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo. Avaliarase a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais. Valorarase a pronuncia e a entoación axeitada, a corrección gramatical, a fluidez e o emprego do léxico adecuado.*

3. *Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica amais dunha coidada presentación. Valorarase a presentación clara e ordenada, a corrección gramatical e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa, a selección e presentación do tema e das ideas de xeito lóxico.*

9. *Valora a lingua galega e é quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela. Con este criterio trátase de verificar se o alumnado é consciente da situación lingüística actual e da súa problemática, así como se ten capacidade para manifestarse de forma crítica e razoada sobre o tema. Valorarase se o alumnado é capaz de recoñecer prexuízos e valoracións pexorativas presentes nos usos lingüísticos, así como a súa capacidade para reflexionar sobre eles e evitalos de forma consciente nas súas propias producións.*

## b) Cadros para a Avaliación Inicial

AVALIACIÓN INICIAL 1ºBACHARELATO. COLOQUIO: <i>LINGUAS CRUZADAS</i>																							
ALUMNOS /AS	CONTIDOS CONCEPTUAIS (coñecementos previos)			ESCOITA ACTIVA e AUTOCORRECCIÓN (CAA)			PARTICIPACIÓN (CSIEE)				INTERVENCIÓN ADECUADAS (CSC)				OPINIÓNS ARGUMENTADAS (CCEC)								

AVALIACIÓN INICIAL 1ºBACHARELATO. COLOQUIO e COMENTARIO: <i>LINGUAS CRUZADAS</i>																							
ALUMNOS/AS	COMUNICACIÓN (CCL)			COMPREENSIÓN ORAL				EXPRESIÓN ORAL				COMPREENSIÓN ESCRITA				EXPRESIÓN ESCRITA							
				DOCUMENTAIS <i>LINGUAS CRUZADAS</i>				COLOQUIO NA AULA				INDICACIÓNS DADAS (Guión <i>Linguas Cruzadas</i> )				COMENTARIO CRÍTICO							

ÍNDICES DE LOGRO: BAIXO (1), MEDIO (2), ALTO (3), MOI ALTO (4)

## c) Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave. Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acaden os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización desta Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas..

2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración

nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.

3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.

4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

5. Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos de investigación programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.

6. Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertindo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación. Estas tarefas deberán incidir na comprensión e produción de todo tipo de textos.

7. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

8. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

As Tarefas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

## 12.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no [Decreto 133/2007](#), a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final.

Finalmente, non debemos esquecer que a atención á diversidade non reside unicamente en programas concretos, senón que está tamén na base de determinados tipos de actividades, como son os **Traballos de investigación**, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais. Igualmente os **Comentarios** de distintos tipos de textos permite formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a. Por último, a Listaxe de **Lecturas Voluntarias** tamén está ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, disfruten dos mesmos dereitos

- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais
- Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais.

Segundo o dito anteriormente, sinalamos a continuación as actividades da nosa programación que servirán para abordar os distintos temas transversais na ESO, así como os obxectivos que perseguimos con elas.

TEMAS TRANSVERSAIS	ACTIVIDADES	OBXECTIVOS
<b>Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua</b>	Deseño e realización dunha tarefa arredor do <b>25N</b> e do <b>8M</b>  Comentario de <i>Tecín soia a miña tea</i> de Rosalía de Castro.	Procurar a igualdade real entre homes e mulleres  Detectar os micromachismos para poder loitar contra eles  Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos.
<b>Educación para a igualdade e a paz.</b>	1. Lectura de <i>O sangue dos Cortiña</i> de Miguel Anxo Fernández.  2. Proxección e debate en torno ao filme <i>Capitáns de Abril</i> .	Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística,provocan conflitos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica.
<b>Educación na sexualidade e na saúde</b>	1. Lectura de <i>Sobrevives?</i> de Fina Casalderrei.  2. Proxección e debate en torno ao filme <i>Sempre Xonxa</i> .	Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais.
<b>Educación ambiental</b>	1. Lectura de <i>As flores radiactivas</i> .  2. Lectura de <i>Ameaza na Antártida</i> de Ramón Caride.  3. Proxección do filme <i>O bosque animado</i> .	Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente.
<b>Educación viaria</b>	Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas.	Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais.
<b>Educación multicultural</b>	Proxeccións e debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo (Pilot).	Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

### a. Actividades Complementarias

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. O resultado das mesmas pódese ollar [aquí](#).

Ademais unha porcentaxe moi elevada do alumnado do centro (procedente de todos os cursos e niveis académicos) participa moi activamente nas actividades do Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (EDNLG), das que se nutre o noso Departamento Didáctico. Este labor pode ollarse a través da revista e do blogue do EDNLG do IES Félix Muriel:

- [Bico da Ría](#)
- [O castelo da lúa](#)
- [Rianxo fala](#)

Cada curso, este Departamento xunto co EDNLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as seguintes actividades complementarias:

- Lectura de textos de temática acaída co Samaín
- Día da Ciencia en Galego
- Actividade 25N
- Semana Castelao
- Día de Rosalía
- Día da lingua nai

- Días de Entroido
- Actividade 8M
- Día da poesía
- Día do Libro
- Actividade 25Abril
- Recitado, dramatización ou narración de textos do autor/a a quen se lle dedique o día das Letras Galegas.
- *Libro Forum*, para 1º e 2º ESO
- *Literalúdica*, para 3º - 4º ESO e 1º Bacharelato

## b. Actividades Extraescolares

Cada curso, o noso Departamento colabora cos outros Departamentos do centro na realización de saídas didácticas. Cabe destacar tres actividades neste sentido:

- En colaboración co Departamento de Física e Química, coa fin de dinamizar o *Día da Ciencia en Galego*, realízase unha saída a Ourense para visitar a *Galiciencia* ao paso que aproveitamos para realizar o [Roteiro de A esmorga](#). Esta saída lévase a cabo no primeiro trimestre e está destinada ao alumnado de 4ºESO e 1ºBacharelato.
- No mes de Xaneiro, en colaboración co ENDLG, no marco da [Semana Castelao](#), desenvólvese unha saída didáctica a Pontevedra para realizar o [Roteiro Castelao](#).
- De maneira interdisciplinar, no mes de abril, o noso Departamento participa activamente nunha saída didáctica a Estremadura para o alumnado de 1º de Bacharelato, vinculándoa á Historia da Lingua e ao Reino de Galicia. Para esta saída deseñouse un [Caderno de viaxe](#).

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

**a) A avaliación da programación en si**, en tanto que instrumento pedagógico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagógico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das **reunións semanais de departamento**, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

**b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación.**

Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para analizar a eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración das **Memorias Trimestrais**, así como da **Memoria Final** servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

## FINAL.- INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO, CARGOS, DISTRIBUCIÓN DE CURSOS E CONFORMIDADE CON ESTA PROGRAMACIÓN

MEMBROS	MATERIAS	CARGOS	HORAS	TOTAL
<b>Paz Plaza</b>	1ºESO 2ºESO	Xefa Depto Titora en 1ºESO	12h 3h 2h 1h	18h
<b>Francisco Carro</b>	3ºESO 1ºBACH 2ªLE, Portugués 2ºBACH 2ªLE, Portugués 1ºESO	Titor de 1ºBACH	6h 6h 3h 3h	18h
<b>Amparo Cereixo</b>	2ºESO 2ªLE, Portugués 2ºESO 2ªLE, Portugués 3ºESO	Xefa de Estudos	3h 2h 2h 14h	21h
<b>Sofía Rama</b>	2ºBACH LGSA 3ºESO	Delegada Sindical	6h 2h 6h 5h	19h
<b>Carme Fernández</b>	4ºESO 1ºESO 2ªLE, Portugués 4ºESO XeH 1ºESO		6h 4h 3h 3h	16h
<b>Selena</b>	4ºESO 2ºESO 2ªLE, Portugués 1ºBACH Cultura Clásica 3ºESO		6h 6h 2h 3h	17h

Os membros deste Departamento Didáctico, reunidos en sesión ordinaria o Luns 14 de Outubro de 2019, para asinar a Programación Didáctica do Departamento de LGL para o curso 2019-20, acordan entregar unha copia da mesma á xefatura de estudos para que se anexe ao Proxecto Curricular do Centro, do que dan fe as actas recollidas para a ocasión.

Asdo.: Paz Plaza, xefa do Departamento

En Rianxo, 30 de setembro de 2019

# ANEXO TIL

## Programación Didáctica 1<sup>o</sup>-2<sup>o</sup> Bacharelato

# 1. O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

## 1.1. Cambios metodolóxicos

- ❖ *Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable **que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado.***
- ❖ *Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de **todas as linguas da súa oferta educativa**, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartir o currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán:*
  - *acordos sobre **criterios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas,*
  - *acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar,*
  - *acordos sobre o tratamento que se lles dará aos **contidos**,*
  - *acordos sobre os **criterios de avaliación** e aos **estándares de aprendizaxe** similares en cada materia lingüística,*
  - *acordos **para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.***
- ❖ *Os métodos docentes deberán favorecer a **motivación** por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles **curiosidade** e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. Recoméndase:*
  - ***A aprendizaxe por proxectos** (proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). Esta metodoloxía favorece a investigación, a reflexión e a crítica.*
  - ***O uso do portfolio** (carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.*

- ❖ *O profesorado debe procurar:*
  - **que o alumnado comprenda o que aprende**
  - **que o alumnado saiba para que aprende**
  - **que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.**

## 1.2. Cambios nos recursos didácticos:

- ❖ O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun **Libro de Apoio** para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.
- ❖ A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias clave trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: ***Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.***

## Caderno Til para docentes

## 2. ACORDOS ACADADOS NO IES FÉLIX MURIEL

### 2.1. Acordos metodolóxicos

Pretendemos reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Neste sentido guíannos sobre todo tres consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no [Decreto 133/2007](#), que son as seguintes:

- ✓ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ✓ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ✓ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✓ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✓ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ✓ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- ✓ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até os resultados.
- ✓ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✓ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.

- ✓ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## MATERIAIS

O alumnado deberá asistir a clase cos seguintes recursos materiais sempre á súa disposición:

- **Caderno TIL de Comunicación (alumnado)**
- **Folios en branco** (entregaráselles un folio “patrón”)
- **Bolígrafo** (un azul ou negro e un vermello)
- **Correo electrónico** (con autorización da nai, pai ou persoa titora)

## 2. 2. Acordos terminolóxicos

### En Morfoloxía

1. Empregaremos a denominación "clases de palabras" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º e Bacharelato.
2. As clases de palabras:
  - I. Substantivo
  - II. Adxectivo ( a secas, sen engadir "cualificativo"),
  - III. Verbo.
    - I. Os tempos verbais :
      - I. simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto , futuro, condicional
      - I. compostos: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.
      - I. non persoais: infinitivo, xerundio e participio.
      - I. voces: activa, pasiva (voz media só en bacharelato)
  - Adverbio ( adverbio relativo empregarase a partir de 4º ESO)
  - Preposición

- Conxunción
- Interxección
- Pronome: O que está en lugar do nome. Tipos: Persoal
  - Demostrativo
  - Posesivo
  - Numeral (cardinal, ordinal)
  - Indefinidos
  - Interrogativos
  - Exclamativos
  - Relativos

### 3. A segmentación en morfemas:

- Morfema: Parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico ou gramatical
- Clasificación: Prefixo + raíz + interfixo+ sufixo (derivativo, alterativo e flexivo).

### En Sintaxe (LGL e LCL)

- I. En 1º-2º-3º ESO utilizaremos a terminoloxía propia da Gramática Funcional. Pero no resto dos cursos manteremos a terminoloxía da Gramática Tradicional até que o TIL se vaia incorporando en cada curso progresivamente (en 2016-17 incorporouse en 1ºESO, en 2017-18 incorporouse en 2ºESO, en 2018-19 incorporouse en 3ºESO, en 2019-20 incorporárase en 4ºESO, en 2020-21 incorporárase en Bacharelato)
- II. Eliminamos dos mínimos os Estándares Avaliables referidos á Análise Sintáctica. (1º e 2º ESO)
- III. O punto de partida en 1º ESO xirará arredor dos problemas de concordancia e das oracións inacabadas, sempre procurando o respecto polas propiedades textuais e buscando a reflexión metalingüística a partir do uso lingüístico.
- Iç. En 1º e 2º ESO empregamos frase (se non ten verbo) e oración (se ten verbo).

## 2.3. Acordos sobre os Contidos

## 2.4. Acordos sobre os Instrumentos de Avaliación. Ver [Rúbricas \(Aula Virtual\)](#)

## 2.5. Acordos sobre as recuperacións

1. Consideramos unha organización dos dous niveis educativos en tres ciclos de dous cursos cada un. Polo que as consideracións para 1º-2ºESO, 3º-4ºESO e 1º-2ºBach serán distintas.

2. Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Pola contra, en Bacharelato, aínda que estean presentes eses dous aspectos, as probas externas de ABAU condicionan a docencia.

Para **1º e 2º BACHARELATO** consideramos:

a. Que debemos diferenciar o 1º curso do 2º, pois 2ºBACH é un curso condicionado polas probas ABAU (que debería ter en conta, na medida do posible, ás exixencias desas probas).

b. Que en 1ºBACHARELATO non se realizarán recuperacións trimestrais, se ben, no final de curso, procuraremos que o alumnado supere aquela parte da materia na que ao longo do curso non acadara os *contidos mínimos*\*(1), para o cal adaptaremos os instrumentos de avaliación ás necesidades do alumno/a, sempre e cando non teña abandonado a materia ao longo dun trimestre\*(2).

c. Que non é pertinente ningunha referencia ao concepto de “recuperación”.

d. Que en 2ºBACHARELATO si se realizarán recuperacións trimestrais, despois das sesións de avaliación de cada trimestre.

e. Que a recuperación do 3º trimestre será unha “recuperación á carta”, adaptándose á situación de cada alumno/a nese momento.

**\*(1)** En realidade o que se quere dicir é que non acadara o nivel de concreción dos estándares avaliados recollido na programación didáctica do Departamento.

**\*(2)** O abandono da materia concretarase a través de dous procedementos:

1. Ausencia de labor cotián na aula e fóra da aula. É dicir, que o alumno/a non siga as indicacións dadas nin realice as tarefas solicitadas.
2. Incumprimento dos mínimos solicitados para cada apartado da materia, atendendo aos instrumentos de avaliación utilizados en cada caso.

## 2.6. Acordos arredor das lecturas

LECTURAS	NIVEL EDUCATIVO	TIPO DE LECTURA (froita ou gominola)	OBXECTIVOS	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>Textos de distintos tipos:</b> expositivos, argumentativos, narrativos, descritivos... cartas, reclamacións...	Todos os niveis educativos	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Producción textual</li> <li>• Rúbricas</li> </ul>
<b>Textos xornalísticos</b>	Todos os niveis educativos	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita	
<b>Textos literarios:</b> poemas e relatos	Todos os niveis	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación	

		educativos		Oral e escrita	
<b>Lecturas obligatorias</b>	<b>Lectura na aula</b>	1º-2ºESO	Froita	Aprender a Ler comprensiva e expresivamente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba escrita</li> <li>• Proba oral</li> </ul>
	<b>Lectura fóra da aula</b>	A partir de 3ºESO	Froita	Fomentar a lectura dos clásicos e Crear hábito lector	
<b>Lecturas voluntarias:</b> novelas, libros de poemas, cómics...		Todos os niveis educativos	Gominola ou escollen @s alumn@s	Crear hábito lector	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Charla informal fóra da aula</li> <li>• Convencer a un compañeir@ que lea a obra</li> <li>• Produto artístico</li> </ul>

**OBSERVACIÓNS:**

- Nas materias de LGL , LCL e Inglés a metodoloxía é moi semellante á hora de abordar as lecturas.
- Na materia de Francés non haberá lecturas fóra da aula.
- As **lecturas “froita”** son aquelas que consideramos necesarias abordar na aula como docentes de Literatura, para abrílles as portas dos clásicos ao noso alumnado.
- As **lecturas “gominola”** están ao servizo do fomento de hábitos lectores, con elas pretendemos que o noso alumnado se entreteña e non fuxa dos libros.